

MEMORIA ANUAL

CURSO ESCOLAR

2010 – 2011



**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
(A CORUÑA)**

MEMORIA ANUAL 2010-2011

INDICE

Introdución.....	2
Obxectivos xerais	2
Concreción do Proxecto de Dirección	4
Educación Infantil.....	10
Primeiro Ciclo de Primaria	12
Segundo Ciclo de Primaria	13
Terceiro Ciclo de Primaria	14
Dinamización Lingüística	15
Acción de potenciación do ensino galego en EI, curso 2010/2011	19
Comisión de Coordinación Pedagóxica	22
Departamento de Orientación	23
Aula de apoio de educación infantil (PT / AL).....	25
Audición e Linguaxe en educación primaria.....	30
Plan de actuación da aula de atención educativa (PT / Compensatoria)..	33
Biblioteca	37
Plan Anual de Lectura.	40
Comisión TIC	45
Memoria EACE	48
Saídas escolares	50
Transporte escolar.....	51
Servizos complementarios (comedor, madrugadores)	52
Actividades extra-escolares	54
Situación das instalacións e equipamentos	59
Libros de texto	62

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2010-2011 coa recuperación da pista deportiva superior afectada pola construción do patio cuberto de educación primaria. O Polideportivo Municipal de Los Rosales funciona a pleno rendemento, tanto durante o horario lectivo coma nas actividades extraescolares. A posta en funcionamento do ascensor no edificio de educación primaria culmina as peticións realizadas pola comunidade educativa desde hai anos.

Prácenos manifestar a continuidade do compromiso de potenciar a presenza da lingua galega no ensino, fundamentalmente na etapa de educación infantil, compatibilizando o cumprimento do Decreto de Plurilingüismo e respectando o sentir das familias galego-falantes. O traballo realizado polo EDLG a prol da lingua galega veuse valorado pola concesión do primeiro premio do Concello da Coruña na convocatoria de proxectos de fomentos do uso do galego.

O incremento na utilización das Tecnoloxías da Comunicación e da Información nos procedementos de xestión, ensino-aprendizaxe e comunicación favoreceron a difusión das actividades realizadas polo centro e resultaron ser a mellor canle de coñecemento do noso centro.

A confirmación da nova construción do edificio de educación infantil e servizos complementarios realizada polo Conselleiro de Educación e O. U. figura como a nova liña de horizonte a que debemos chegar nos vindeiros anos para acadar un centro acorde coa realidade do CEIP Emilia Pardo Bazán.

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

2.1. Actualizar o documento que recolle os criterios de promoción en educación primaria.

Este obxectivo acadouse coa aprobación polo Claustro dos criterios de promoción elaborados polos equipos docentes de educación primaria que foron establecidos atendendo á adquisición das competencias básicas, a consecución dos obxectivos xerais do ciclo e ás posibilidades de progreso do alumnado.

2.2. Elaborar un proxecto de actividades para o alumnado de Atención Educativa alternativa á Educación Relixiosa.

Este obxectivo segue a estar incompleto pendente de redacción no vindeiro curso escolar 2011-2012.

2.3. Avaliación diagnóstica.

A avaliación de diagnóstico correspondente ao curso 2010-2011 tivo lugar os días 19 e 20 do mes de maio 2011 aplicándose ao alumnado de 4º curso de educación primaria. Neste curso escolar avaliouuse unha nova competencia, a de coñecemento e interacción do alumnado co mundo físico, que se uniu ás outras probas, que xiraron arredor das competencias lingüística e matemática.

A Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico quedou constituída polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que actuou de presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) A xefa do departamento de orientación,
- d) Unha titora de 4º curso de educación primaria.

Aos efectos de corrección dos caderniños do alumnado a citada comisión estableceu que foran os/as titores/as de 3º curso de educación primaria os encargados da súa valoración.

O proceso de carga dos resultados na aplicación Avaldía fíxose do seguinte xeito:

- Caderniños das 3 competencias avaliadas..... Secretario / Administrativo
- Cuestionarios do alumnado..... Secretario / Administrativo
- Cuestionario das familias, profesorado, director..... Director

En relación ás conclusións manifestadas polo profesorado encargado da aplicación das probas e da súa corrección caben citarse as seguintes:

- O vocabulario utilizado nos enunciados das probas non resultou axeitado ao nivel do alumnado de 4º curso de educación primaria.
- O tempo establecido para a realización das probas resultou insuficiente.
- Nalgúns casos o alumnado non tomou en serio a realización das probas limitándose a dar respostas aleatoriamente.
- A corrección dos caderniños de avaliación da competencia matemática non favoreceu a obtención de mellores resultados do alumnado por mor de non permitir resultados intermedios entre BEN ou MAL.

2.4. Concreción anual do Plan de introdución das TIC.

A formación do profesorado fíxose en relación ás necesidades de empregar o entorno web como espazo de proxección das actividades realizadas polo alumnado e polo profesorado no desenvolvemento dos currículos. Con esta finalidade leváronse a cabo as seguintes modalidades formativas:

- **Seminario permanente: *A mascota como elemento de cohesión, dinamizador e motivador***
- **Seminario permanente: *A revista dixital como motor de dinamización pedagóxica***
- **Seminario permanente: *Blogging in Los Rosales***
- **Seminario permanente: *Fala, móvete e navega polas competencias básicas en educación infantil***

A instalación do canleado nas aulas do 3º ciclo de educación primaria garantiu o acceso a rede, facilitando o achegamento de contidos dixitais para alumnado e profesorado.

2.5. Concreción anual do Plan Lector.

Os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

3. CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN.

OBXECTIVO 1. Revisión dos documentos lexislativos elaborados polo Centro, así como da nomenclatura utilizada para adaptalos á LOE. Redacción do proxecto de xestión segundo o artigo 123 da Lei Orgánica, 2/2006, do 3 de maio de Educación.

A Programación Xeral Anual elaborouse segundo o disposto pola Administración Educativa a partir do artigo 125 da LOE.

O Consello Escolar do centro aprobou o día 24 de xaneiro de 2011 as Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) atendendo ao disposto no artigo 124 da LOE. Estas NOF contan coas addendas aprobadas en cursos anteriores referidas aos seguintes aspectos:

- Acordo de reagrupamento de alumnado na educación primaria.
- Acordo de equilibrio entre Linguas oficiais a empregar en cada etapa/área

OBXECTIVO 2. Potenciar o coñecemento da LOE e calquera outra lexislación educativa entre o profesorado do centro de forma que se convertan nas referencias do noso traballo.

Empregando o correo electrónico e outros medios de comunicación a Dirección do

centro publicitou entre o profesorado as disposicións legislativas de nova aparición.

Ante a proposta de realización de actividades formativas sobre a avaliación por competencias non se acadou á concreción necesaria para a súa organización.

OBXECTIVO 3. Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docentes para facelos máis efectivos.

- Creáronse as comisións/equipos que se precisaron para o bo funcionamento do centro.
- Estableceuse un calendario mensual de reunións de equipos/comisións.
- Cando foi preciso propuxéronse os temas a debater en cada sesión.
- Mantívose a estrutura organizativa nos equipos de ciclo e nas comisións elevando propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica ou viceversa.

OBXECTIVO 4. Crear uns sinais fortes de identidade do Centro.

A experiencia das Aulas de potenciación da lingua galega en entornos castelán-falantes segue a valorarse noutros eidos como un aspecto definitorio do noso centro:

- * Participación de profesorado do centro en actividades formativas relacionadas coa experiencia: "XIV Xornadas de Educación Infantil". 8 e 9 de abril de 2011. IES As Fontiñas. Santiago.

A avaliación positiva do Centro de Formación e Recursos dos Seminarios Permanentes nos que o profesorado do centro desenvolveu aspectos relativos ao emprego das TIC nos contextos de ensino-aprendizaxe, así como a valoración maioritaria do Claustro e o Consello Escolar para solicitar a designación como centro Abalar segue a manter a imaxe dun centro TIC.

A continuidade do centro no proxecto medio-ambiental "Voz Natura" e a creación dunha Comisión sobre o emprego didáctico da horta escolar, tamén marcan os sinais de identidade do noso centro.

OBXECTIVO 5. Recoñecer e valorar o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador e fundamental da vida do Centro.

Facilitouse o traballo do Departamento de Orientación en canto á dispoñibilidade de espazos, tempos ou materiais:

- Dotación dunha impresora láser en B/N
- Adquisición dun novo ordenador de sobremesa.

- Establecemento das bases da estrutura do departamento e protocolos de actuación para mellorar a atención do alumnado con n.e.a.e.
- Estudios orzamentarios sobre a viabilidade de subdivisión espacial da aula de Apoio.

OBXECTIVO 6. *Fomentar o respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa e motivar a recuperación da autoridade (que non autoritarismo) das mestras e mestres no seu significado real e pleno.*

* Mantivéronse sesións expositivas coas familias do alumnado que presentou actitudes contrarias ás normas de convivencia, priorizando o aspecto educativo das medidas correctoras sobre o sancionador. Neste aspecto foi fundamental a boa coordinación entre o profesorado e a Xefatura de Estudos e a Dirección.

* Estableceuse unha estrutura comunicativa áxil e directa entre os responsables dos servizos de comedor escolar e de extra-escolares coa Dirección do centro, atallando o antes posible os indicios de incumprimento das normas de convivencia.

* Tomáronse as medidas correctoras necesarias entre o alumnado que o precisou, sen chegar á apertura de expedientes disciplinarios.

OBXECTIVO 7. Fomentar a participación activa das familias do alumnado nas actividades do Centro.

* Regulamente houbo reunións entre a Dirección e a Xunta Directiva da ANPA Milnen@s, e cos representantes das familias no consello escolar para tratar aspectos relacionados fundamentalmente coas necesidades estruturais do centro.:

+ Resolución das humidades e filtracións de auga no patio cuberto.

+ Rehabilitación do ascensor no edificio principal.

+ Ampliación do colexio coa nova edificación para a 2ª etapa de educación infantil

+ Finalización das obras do polideportivo municipal e convenio de colaboración co concello da Coruña para o seu uso no horario extra-escolar.

+ Elaboración dun estudio de necesidades para o acondicionamento integral do edificio principal.

* Facilitouse a participación das familias na eleccións dos seus representantes no Consello Escolar asistindo representantes da Dirección ás actividades organizadas pola ANPA Milnen@s.

* Non se acadou o obxectivo de creación de actividades formativas no eido das TIC dirixidas a mellorar a alfabetización dixital nas familias.

OBXECTIVO 8. Potenciar a formación e o traballo en equipo do profesorado. Especialmente nas novas tecnoloxías.

* Potenciouse a creación de 4 Seminarios Permanentes relacionados co emprego das TIC.

OBXECTIVO 9. Respetar e cumprir e facer respetar e cumprir os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

* Prestouse especial atención á linguaxe sexista na redacción das circulares . dirixidas a calquera sector da comunidade educativa.

* Difundíronse entre a comunidade educativa as actividades promovidas desde a Concellaría de Igualdade do Concello da Coruña.

* Non se fixeron actividades específicas para conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora.

OBXECTIVO 10. Respetar os principios básicos de xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto, igualdade ou calquera outro vital na formación do ser humano.

* Continuouse co protocolo de resolución pacífica de conflitos.

•* Conmemoráronse os días establecidos no calendario escolar a tal efecto facendo máis fincapé nalgúns deles: Día da Paz e dos Dereitos Humanos, Letras Galegas

OBXECTIVO 11. Articular medidas de actuación que favorezan a integración das diferentes minorías existentes no Centro: etnias, inmigrantes, alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.

* Para a consecución deste obxectivo non se realizaron actividades específicas que salientaran a presenza destes colectivos no noso centro, sino mais ben, buscouse darlle un tratamento normalizador. Cabe destacar o traballo realizado polo Departamento de Orientación, especialmente a mestra de educación compensatoria.

OBXECTIVO 12. Promover e impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do noso idioma en todos os ámbitos.

* Promocionar entre a comunidade educativa a mascota creada polo EDLG para

propiciar o desenvolvemento lingüístico da lingua galega

* Apoiar cos recursos orzamentarios necesarios a posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro.

* Cabe destacar a obtención do primeiro premio no concurso de proxectos de fomento do uso do galego do Concello de A Coruña.

* Facilitáronse tódolos recursos dispoñibles para a celebración da Semana das Letras Galegas.

***OBXECTIVO 13.** Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do Centro como mediateca do centro e como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do Centro.*

* Instalación de recursos multi-media no espazo da biblioteca para favorecer a realización de actividades didácticas de ensino-aprendizaxe.

* Realizáronse conferencias e/ou mesas redondas sobre temas de actualidade directamente relacionados coa educación:

- Entrega da recadación do Rastrillo da Solidariedade á ONG Médicos sen fronteiras.
- Encontros cos autores Mariné Lorenzo e Jorge Vázquez, Violeta Monreal
- Sesións de traballo de actividades promovidas polo CFR A Coruña no eido da educación infantil: PEDAGOXÍA DO INTERCAMBIO E COMUNICACIÓN con Carlos Gallego e Helena Forrellad.

***OBXECTIVO 14.** Organizar e impulsar a utilización correcta do Salón de Usos Múltiples.*

- Mellorar as dotacións estruturais do SUM coa adquisición dunha escalinata de acceso ó escenario.
- Adquisición de equipos de son individuais mediante sistema de petaca.
- Mantemento de reunións periódicas co persoal encargado das diferentes actividades que se desenvolveron no SUM para propiciar o coidado das instalacións.

***OBXECTIVO 15.** Estudar a distribución dos espazos do centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades.*

* Valoración das posibilidades económicas do centro que permitiran a subdivisión dos espazos de Administración e da Aula de Apoio, sen obter de momento solucións viables.

OBXECTIVO 16. *Mellorar a expresión e comprensión escrita do noso alumnado considerando ditas destrezas como instrumentos básicos para toda aprendizaxe académica así como para o desenvolvemento en sociedade do alumnado.*

OBXECTIVO 17. *Mellorar a competencia do alumnado en técnicas de estudio.*

OBXECTIVO 18. *Elaboración dun proxecto de actividades para as alumnas e alumnos de Atención Educativa alternativa á Educación Relixiosa.*

OBXECTIVO 19. *Impulsar a participación en proxectos de innovación educativa.*

A concreción anual dos obxectivos 16, 17 e 19 centrouse nas diferentes actividades que se desenvolveron ao longo de todo o curso escolar polos diferentes ciclos e equipos de coordinación didáctica

O obxectivo número 18 quedou incompleto pendente dunha redacción unitaria para o vindeiro curso escolar.

OBXECTIVO 20. *Mellorar o aspecto físico do colexio tanto externo como interno, do edificio anexo e da parte exterior.*

* Acondicionouse o interior e mailo entorno do invernadoiro para facilitar o uso axeitado polo alumnado e o profesorado.

* Favoreceuse a creación dunha Comisión de Horto Escolar e impulsáronse as actividades de cultivo ornamental para enriquecer as zonas exteriores do colexio, creando unha cultura de respecto medio-ambiental entre o alumnado.

* En colaboración coa ANPA realizouse un documento gráfico coas necesidades de melloras estruturais a solicitar ó Concello no apartado de pequenas reparacións.

* Realizáronse reunións periódicas coas autoridades locais e da Consellería de Educación sobre a corrección dos fallos do patio cuberto e recuperación da pista superior, finalización das obras do polideportivo e a nova construción do edificio para educación infantil e servizos anexos.

EDUCACIÓN INFANTIL

O curso 2010- 2011 descurriu con normalidade a excepción da aula de 4 anos A que requiriu incremento de apoios por ter un alumno cunha problemática especial.

Continuamos co proxecto lector:

-Realizando sesión diaria de lectura.

-Solicitando a colaboración das familias coa aportación dun libro a principios de curso para incremento das bibliotecas de aula.

-Moitos dos libros están seleccionados e destinados a completar a nosa actividade docente.

-Realizáronse visitas a biblioteca municipal do barrio.

-Na semana das letras galegas:

- Realizáronse actividades arredor de Lois Pereira.

-Participamos no festival das letras Galegas con diferentes actuacións. Seguimos compartindo o espazo da biblioteca con AL e PT.

-Este curso seguimos tendo a nosa disposición unha conserxe a tempo parcial o que facilitou o noso labor diario.

-A través da páxina web se lle dá acceso ás familias á información sobre o ciclo.

O encerado dixital interactivo segue sendo utilizado por todo o alumnado de infantil dun xeito sistematizado con sesións fixas semanais e agrupamentos flexibles.

As tres profesoras de apoio levaron a cabo un proxecto "seminario permanente : Fala - móvete - navega "a través das competencias básicas en educación infantil, no que se implicou todo o ciclo.

A xornada de portas abertas durante este curso programouse para que nunha primeira parte o director a través do proxector puidese presentar ós pais o colexio así como os profesores que forman parte do nivel de infantil.

O profesorado do nivel encargouse nunha segunda parte de mostrarlle ós pais as instalacións de infantil.

No terceiro trimestre o profesorado de infantil incorporouse ó sistema Xade para rexistrar as faltas de asistencia do alumnado.

Como outros anos fixéronse as saídas escolares organizadas polo concello: teatro, concertos do palacio da Ópera, rutas urbans, educación ambiental no lagoa de Eirís, visita ós museos Científicos e Bonilla.

Fixéronse actividades colectivas como:

- Magosto.
- Nadal.
- Día da Paz.. (participamos todo o colexio)
- Entroido con desfile de disfraces e festa gastronómica.(participamos todo o colexio)
- Festa de graduación. O alumnado de cinco anos á realizou en presenza dos seus familiares.
- Festival das letras galegas no que participaron as aulas de infantil de catro e cinco anos.
- Día 22 de xuño, festa realizada pola ANPA.
- Asistimos a un contacontos en inglés e a representación de diferentes obras de teatro na que participaron alumnos do colexio.
- Implicación do ciclo no proxecto de voz natura.

DIFICULTADES

- Masificación do alumnado. O edificio quédase pequeno.
- Deficiente acceso ás aulas, debido as moitas escaleiras e a que os corredores quedan estreitos.
- Falta de mais baños.
- Non hai espazos para impartir determinadas materias.
- Espazo inadecuado para actividades motrices e musicais, xa que o patio cuberto non reúne condicións, ten mala acústica e nel hai unha continua interrupción de sesión.
- Non existe saída de emerxencia.
- Dificultade de realizar determinadas saídas didácticas ante a falta de persoal para acompañar a cada grupo.

CARA O VINDEIRO CURSO

- Dado o incremento de alumnado con N.E.A.E vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en AL e PT.
- Continuación do persoal de conserxería nos termos nos que participou este ano.
- Organización entre o ciclo e o Departamento de Orientación dos horarios de apoio

atendendo as N.E.A.E. como prioridade.

- Sempre que fora posible solicitar informe as garderías para anticiparmos ao posible alumnado con dificultade.

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

Durante o presente curso traballáronse todos os obxectivos recollidos na PXA, cun resultado bo en termos globais. O remate deste primeiro ciclo desexamos destacar as seguintes cuestións:

-Incidíuse especialmente na necesidade de mantela atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando que é necesario seguir a traballar neste aspecto.

-En termos xerais, estimamos que se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e razoamento lóxico-matemático.

-Traballouse de xeito continuado para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato, aínda que consideramos necesario que se debe seguir impulsando este punto no vindeiro curso.

- Ao longo do curso concedémoslle notable significación ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, pero cremos que para a súa adquisición ou interiorización, é imprescindible a colaboración coas familias, e isto non é posible en tódolos casos.

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o colexio mediante o Plan de Lectura Silenciosa Sostida. Estimamos que, en xeral, os resultados son altamente satisfactorios.

- Participouse tamén en actividades e efemérides levadas a cabo o longo do curso: Magosto, Samaín, actividades de Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, teatros, concertos, actividades de normalización lingüísticas (Feirán), etc.

-Favoreceuse a integración e atención á diversidade de todo o alumnado.

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

Ao longo deste curso, traballáronse os obxectivos do ciclo marcados na PXA.

- A valoración é positiva en canto aos resultados das competencias básicas adquiridas pola maioría do alumnado. Os obxectivos propostos a principio de curso foron acadados nun grao satisfactorio pola maioría do alumnado. No referente a hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acadados pódense valorar tamén positivamente.
 - Continuamos co proxecto de lectura establecido no centro, e co fin de mellorar a competencia lectora tamén traballamos dentro do horario destinado ás linguas, dous libros de contos: un en galego e outro en castelán e un panel de actividades que o alumnado foi desenrolando ao longo do segundo e terceiro trimestre.
 - Seguimos a potenciar o uso da lingua galega, participando nas actividades propostas polo EDLG e tratando de normalizala dentro do ámbito do colexio.
 - En canto ao apartado das TICs, creáronse blogs de aula nalgunha titoría de 4º curso e en Lingua Inglesa.
 - Empregouse o proxector e a pantalla para numerosas actividades dentro do ciclo.
 - Fixéronse traballos de investigación sobre temas propostos na aula e relacionados co curriculum, empregando libros traídos da casa, da biblioteca, internet etc.
 - Elaborouse un traballo sobre a historia de A Coruña.
 - Empregamos o horto escolar como recurso educativo para diversas materias: plantacións, semilleiros, elaboración de fichas etc.
 - Tamén se traballou na titoría o respecto polas instalacións do colexio e entorno, sensibilizando ao alumnado na defensa do medio ambiente, recollendo residuos orgánicos para o composteiro, coa finalidade de conseguir abono.
 - Participamos nas actividades de cine clásico propostas pola biblioteca coa proxección de varias películas.
 - Fíxose moito fincapé en desenvolver hábitos sociais entre o alumnado.
 - Potenciouse a valoración da pluralidade e respecto para outras culturas.
- Participouse nas actividades comúns programadas no centro e nas saídas e visitas culturais concedidas ao ciclo.

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

Os obxectivos propostos na PXA foron conseguidos en grao satisfactorio pola maioría do alumnado.

As maiores dificultades que amosou o alumnado están relacionadas, en xeral, coa falta de hábitos de silencio e atención, estudo e esforzo, aspectos que -a pesar de ser traballados día a día en todas as clases- son difíciles de xeralizar e consolidar. Nalgúns casos súmase, ademais, a falta de colaboración dalgunhas familias.

Con respecto á lectura e escritura, a consecución dos obxectivos tivo que pasar tamén pola eliminación de “vicios adquiridos”. No caso da lectura “ler rápido é ler ben” ou a anticipación do escrito, pero non do que está, senón do que “cremos que vai estar” cambiando así o sentido do texto ou dificultando a súa comprensión. A isto contribúe a lectura inadecuada das pausas e a falta de vocabulario. No caso da escritura os aspectos a eliminar foron a presión inadecuada do lápiz ou bolígrafo, o trazo incorrecto, malas posturas e as palabras aprendidas sen a correcta ortografía. A Ortografía, o cálculo e a resolución de problemas, son os aspectos que lles esixen unha maior superación de dificultades.

En relación á autonomía e á limpeza e coidado do material (propio ou común) cremos que se conseguiu na practica totalidade do alumnado.

Procuramos que o alumnado acadase o uso normalizado da Lingua Galega a través da expresión oral (o que máis lles custa) e da expresión escrita, pero o alumnado non le o mesmo número de libros en Lingua Galega que en Lingua Castelá. Moi pouco alumnado gusta de ler libros en Galego ou de falalo de forma espontánea, pero o que aprenden en Lingua Galega tenden a reproducilo nesta lingua en todas as materias.

Procuramos, tamén, na medida do posible, o uso das TICs, sobre todo en Coñecemento do Medio.

Seguimos traballando no Plan Lector, ao que o alumnado xa está moi afeito, combinándose nas diversas titorías distintas modalidades de lectura. Continuamos participando no Proxecto Voz Natura na plantación de especies para a decoración dos espazos do entorno.

Realizamos as saídas previstas na PXA, pero vemos a necesidade de debater a

pertinencia de seguir a realizar ou non algunha destas saídas, ben pola utilidade ou interese para o alumnado, ou ben pola colaboración que recibimos por parte dos organizadores.

Pareceríanos conveniente, se a lexislación o permite, intercambiar as sesións de Relixión de 5º e 6º, por ter en 6º a maiores a Área de Cidadanía.

Seguimos a valorar positivamente a participación no programa da Cadena Ser “A radio en ruta” que todos os anos realiza o alumnado de 6º curso.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Seguindo os obxectivos do noso plan de fomento do emprego do galego; durante este curso centrámonos nas seguintes actividades para a divulgación da lingua e a cultura galegas:

- Colaboramos estreitamente co Equipo de Actividades Extra-escolares na organización do festival de Nadal, o Magosto, o concurso de Zonchos, o Entroido e o día da paz.
- En coordinación co departamento de Inglés, deseñamos un tríptico explicativo sobre os aspectos comúns e as diferencias entre o Samaín e o Halloween. Este tríptico foi repartido entre toda a comunidade educativa .
- Colaboramos co departamento de Orientación para facer o díptico destinado ás sesións de asesoramento ás familias entregado ao comezo de curso.
- Participamos no concurso de proxectos de fomento do uso do galego do Concello de A Coruña; concurso no que o noso proxecto foi recoñecido co primeiro premio.
- Este ano tamén contamos con diferentes actividades lúdicas : sesións de animación á lectura ofertadas por unha editorial, actividade de divulgación da Fundación Carlos Casares, contacontos, ...
- Deseñamos e imprimimos un almanaque de peto para felicitar o Nadal a toda a comunidade educativa.
- Organizamos dúas obras de teatro inter-clases no primeiro ciclo para ser representadas, en principio, no Festival de Letras Galegas; aínda que, debido ás demandas recibidas, fixéronse máis representacións a finais de curso. Neste punto, o

departamento de Orientación e os titores colaboraron con nós na selección dos actores.

- Houbo mais obras de teatro en galego organizadas por algunha titora. Neste punto son especialmente destacables as aportacións dos compañeiros do departamento de música, a titora de 3º C e a coordinadora do EAEC; que se implicaron especialmente na produción teatral do noso centro.

- Colaboramos coas titoras e titores elaborando materiais para traballar na aula como a canción do día da paz, a ficha coa letra do himno galego, ou a letra da canción do esqueleto de Migallas.

- Celebrouse o II Certame Artístico Literario cunha participación aínda mellor que na primeira edición, tanto na cantidade de traballos presentados como na súa calidade.

- Contribuímos a aumentar os fondos bibliográficos en galego da nosa biblioteca escolar coas doazóns dunha editorial que nos veu facer unha actividade de animación á lectura.

- Continuamos axudando a darlles publicidade a diferentes actividades en galego ofertadas desde o Concello.

- Comezamos a catalogación dos títulos, existentes no colexio, que poden formar parte da nosa fonoteca e videoteca en galego.

- Colaboramos no mantemento da Revista Dixital do colexio con varias novas en lingua galega sobre as actividades nas que colaborou este equipo.

- Creamos o “blog dos amigos de Feirán” para dar publicidade aos traballos presentados polos membros do club.

- Axudamos a difundir a información sobre Lois Pereiro, o escritor a quen se lle adicou este ano o Día das Letras Galegas.


- Organizamos un Festival para a celebración das Letras Galegas en tres sesións nas que houbo obras de teatro, bailes, cancións, recitado de poemas e unha breve exposición da vida e obra de Lois Pereiro.

- Demos os primeiros pasos para comezar o seguimento da influencia das aulas de potenciación da lingua galega en E.I. na competencia lingüística en galego

dos alumnos do primeiro ciclo de E.P.

Con esta finalidade, deseñamos unha enquisa para aplicar nas aulas do primeiro ciclo. Cando teñamos todas as respostas intentaremos extraer conclusións sobre este aspecto.

Mentres, contamos con algúns indicios que nos levan a pensar que hai unha relación directa entre pertencer á aula de potenciación de galego nos primeiros anos e unha mellor competencia lingüística en galego. Concluimos isto ao observar experiencias como a seguinte:



Poboación da experiencia: o alumnado de 2º de E.P.

Situación: nunha clase que se imparte íntegramente en galego pídeseles que fagan unha pequena exposición oral comentando unha serie de fotografías. En todos os casos a lingua en que se lles fala antes e durante a exposición é o galego, pero non se lles pide que falen en ningún idioma en concreto. Os resultados obtidos foron os seguintes:

(O grupo B estivo na clase de potenciación de galego en E.I., precisamente o grupo onde houbo máis nenos que falaron espontaneamente en galego ou nas dúas linguas) (comentaban unhas fotos en castelán e outras en galego indistintamente).

- Puxemos en marcha o Proxecto do Club de Feirán : propuxéronse sete preguntas, que obtiveron unha resposta dispar: pasamos dunha primeira resposta

masiva a unha significativa decaída na segunda pregunta e unha posterior remontada até chegar á última, onde se viu unha gran melloría na cantidade e calidade das respostas enviadas. Á hora de recontar a cantidade de carnés devoltos vemos que os rapaces e rapazas máis novos son os que máis se implicaron, polo que o obxectivo será manter a súa atención e intentar atraer, coa axuda dos/das titores/as, un maior número de nenos/nenas do terceiro ciclo.



A valoración de todos estes proxectos e colaboracións é moi positiva; aínda que temos que seguir traballando moito xa que a presenza real da lingua galega nas relacións espontáneas entre o alumnado segue sendo moi escasa. Con todo, confiamos en que, entre todos, consigamos modificar esta situación.

ACCIÓN DE POTENCIACIÓN DO ENSINO GALEGO EN E. INFANTIL.

O centro conta con dúas unidades de educación infantil implicadas no proxecto, nas que hai matriculados 42 alumnos/as, distribuídos da seguinte forma :

-25 alumnos/as do 5º nivel de E. Infantil.

-17 alumnos/as do 6º nivel de E. Infantil.

As titoras destas unidades son respectivamente: Consuelo Beiroa, e Teresa Bernedo.

O colexio Emilia Pardo Bazán está situado nun barrio de Coruña, no que a maioría do alumnado procede dunha contorna sociolingüística castelán-falante.

Aínda que moitos con ascendencia galego-falante, outros non teñen contacto co galego na familia por seren fillos de pais castelán-falantes ou, ás veces, pais non galegos.

Cada novo curso obsérvase que segue a ser demandada a escolarización en galego por un número de familias que manifestan preferir esta opción, ou, cando menos, non rexeitala (25 familias).

VALORACIÓN DO PROXECTO:

As dúas aulas de potenciación do galego coordínanse, en canto a contidos e actividades, co resto do ciclo, participando nas celebracións que programa o colexio no seu conxunto, pero dándolle un contido máis galego.

A valoración é positiva acorde con cada un dos obxectivos que se fixaron.

Obsérvase nos nenos que:

1º-Os castelán-falantes tenden a buscar os termos correspondentes en galego.

2º-Aínda con dificultades (algúns con bastante soltura) intentan dirixirse en galego á profesora. Detéctanse cada vez máis alumnos/as, que, sen ter ningún referente familiar nalgúns casos, usan o galego con bastante éxito.

3º-En xeral, na súa fala aparecen expresións que reflicten a interacción dos dous códigos.

4º-Empregan vocabulario galego cando se refiren a experiencias feitas na clase (vermes, sementes, etc) e na reprodución de contos.

5º-Comúnanse entre eles maioritariamente, en castelán, pero escoitan as intervencións en galego e intentan usar este idioma. Séntense orgullosos cando se corrixen entre eles.

6º-Cando memorizamos pequenos textos, nótase máis dificultade nos castelán-falantes, pero en xeral hai avance. En 4 e 5 anos (5º e 6º nivel) escóitanse nenos/as con discurso total e correcto en galego.

Se partimos de que esta lingua nos identifica, e como tal é un ben cultural irremprazable, temos que coidala. Dada a súa situación nas contornas urbans sobre todo, as medidas teñen que ser máis decididas.

Referímonos a:

-Surtir de materiais audiovisuais atractivos e pedagóxicos, específicos para o ensino en contextos bilingües.

-Asesorar e formar ao profesorado que se implica tendo en conta a realidade obxectiva da situación:

Se a aprendizaxe dunha lingua allea amplía os horizontes cognitivos, comunicativos, creativos e psicomotores do individuo, a aprendizaxe da lingua propia, ademais de todo isto, intégra na comunidade cultural que a lingua transmite e sustenta, polo que as actitudes de estima e interese teñen que ser obxectivos primordiais. De aí a importancia de materiais atractivos e situacións lúdicas e divertidas onde a aprendizaxe tome sentido significativo e integrador. Pospoñemos, como obxectivo, “a produción lingüística” fronte o de “crear apego” .

Por parte do profesorado móstrase unha actitude de respecto e de axuda e de colaboración por parte do Equipo de Dinamización e do Equipo Directivo.

ASPECTOS SOBRE OS QUE REFLEXIONAR:

Tendo en conta que se trata de nenos/as de 4 e 5 anos nos que aínda a lingua de uso familiar está a madurar, cremos que as expectativas se van cumprindo amplamente:

Os galego-falantes son capaces de interaccionar cos/coas compañeiros/as en castelán.

Os castelán-falantes esfórzanse por usar o galego e avanza na comprensión e uso oral do mesmo.

Respecto a comprensión, hai que salientar que, entenden perfectamente os contos, as consignas etc. Isto pon de manifesto que o galego non lles é alleo aínda que non sexa activado coma lingua de uso habitual.

No que atinxe ás actividades, en xeral, consideramos fundamental visualizar, manipular, expresar co corpo, co ritmo e plasticamente experiencias sensibles e afectivas.

Apoiamos sempre nelas a aprendizaxe da lingua.

Salientaría as seguintes:

1º-Traballos sobre contos.- Extraemos dun conto: cancións, adiviñas, rimas, expresión plástica

expresión corporal (escenificar/mímica).

-Seleccionamos contos con unha parte rítmica sonora repetida ao longo da narración. Esta chega a ser memorizada e aproveitada dende o punto de vista lúdico e psicomotor.

-Plastificamos secuencias para apoiar visualmente o discurso oral.

-Extraemos series de adxectivos ou verbos que logo repetimos xogando e escenificando.

2º-Rescatar xogos tradicionais con rimas repetidas e sonoras, movemento, mimo, onomatopeas etc. Son “xogos verbais interactivos” que tamén podemos extraer de contos.

3º-Experiencias no recanto “Cousas da Natureza” sementes, animais, carteis etc; cousas para mirar, tocar, sentir, xogar, pero con nome galego. Neste curso plantamos tirabeques, fabas e observamos a metamorfose dos vermes da seda.

4º-Intentamos que produzan textos nos dous últimos niveis. Para iso :

a-Presentamos personaxes da tradición cultural galega (Merlín, curuxa ,trasno, raposo, bolboreta e espantallo). Observáronos en imaxes ,recreados en contos, buscáronlle nomes e fixeron con eles rimas e cancións.

b- Aportaron variadas e curiosas formas de “comezar” e “rematar” contos.

c-Cada neno creou o seu conto persoal

5º-A participación en todas as celebracións e proxectos xurdidos a nivel do colexio, nas distintas comisións, nas que intentamos que prime sempre o engarzamento coa nosa tradición ,o vocabulario galego específico, así coma facendo aportacións propias.

Así, taniscamos castañas, pintamos cabazas de Samaín, disfrazámonos no entroido e co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, escoitamos, cantamos e recitamos poesías, no festival que celebrou o colexio e fixéronse traballos relativos á vida e obra Lois Pereiro.

Nas saídas que fixemos a fóra do colexio (bibliotecas, rutas urbanas, acuario, museo) diríxense aos/ás nenos/nenas en galego, o que contribúe a normalizar o uso

desta lingua.

A nivel de colexio, participaron tamén con debuxos sobre FEIRÁN proxecto do E.D.L.G. ao que aportaron debuxos da mascota e se relacionaron con ela en múltiples situacións xurdidas na aula.

ASPECTOS POSITIVOS DA CONVOCATORIA:

Citamos os seguintes:

1º-Dá a posibilidade de contribuír á valorización positiva e respecto á nosa lingua e á nosa cultura.

2º-Posibilita tamén, perseguir dende idades temperás que os rapaces/as acaden competencias por igual nas dúas linguas cooficiais.

3º-Permite que o idioma galego sexa o vehículo transmisor da cultura, recuperando ámbitos de uso habituais de calquera idioma, en concreto o ensino nestas idades.

4º-Participación de compañeiras do colexio que colaboraron na experiencia da creación de textos e coas que puidemos contrastar opinións acerca da necesidade de recuperar o noso idioma.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

No C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán de A Coruña no curso 2010/11, a CCP reuniuse un total de nove veces para tratar diversos aspectos.

Os puntos tratados foron os seguintes:

- Constitución da CCP, composición, diferentes equipos e comisións.
- Proposta de obxectivos da CCP e do DO para a PXA.
- Avaliación diagnóstica.
- Criterios de promoción dos ciclos.
- Absentismo escolar.
- Decisión de datas de avaliacións, programacións, festividades e celebracións,

rastrillo, saídas...

- Normas de Organización e Funcionamento.
- Análise das partidas do orzamento.
- Distribución do novo mobiliario recibido.
- Valorar a posibilidade de solicitar contratos-programa como o de Acompañamento escolar ou o de mellora da escritura, lectura e cálculo.
- Posibilidade de retirar os equipos da aula de informática municipal xa que están obsoletos e ás dificultades para usalos no espazo no que se atopan.
- Solicitud para que os pais autoricen aos nenos/as a saír só do colexio á hora da saída (senón deberán vir a recollelos ou non poderán saír).

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros informouse das novidades que atinxen ao centro, así coma a posta en común das decisións e suxerencias de saídas das reunións de ciclo, co fin de que exista unha boa comunicación no centro.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos na Programación Xeral Anual.

Actividades de orientación e asesoramento realizadas ao longo do curso:

1. O labor de asesoramento e orientación ao alumnado

En Educación Infantil. Número de demandas: 20

Por parte das familias: 10

Por parte do profesorado: 10

Os motivos das demandas se referiron aos temas seguintes:

- Dificultades de adaptación ás normas de convivencia do colexio e do fogar.
- Dificultades de aprendizaxe.

- Asesoramento ás familias en problemas de comportamento.
- Asesoramento ás familias con fillos con trastornos de aprendizaxe.
- Coordinación dos apoios externos que reciben algúns alumnos do centro.

En Educación Primaria. Número de demandas: 64

Por parte das familias: 38

Por parte do profesorado: 26

Os motivos das demandas se referiron aos temas seguintes:

- Problemas coa adaptación ás normas de convivencia do colexio.
- Orientación ao profesorado que ten alumnado con dificultades socio-familiares.
- Orientación ás familias sobre temas puntuais referidos ao comportamento dos seus fillos.
- Asesoramento nas dificultades de aprendizaxe.
- Asesoramento ás familias con fillos/as con trastornos de aprendizaxe.
- Coordinación dos apoios externos que reciben algúns alumnos/as do centro.
- Orientación ao profesorado con alumnado de altas capacidades.
- Derivación ao equipo específico de alumnos con dificultades.

2. En relación ao apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe, a través da colaboración co profesorado, realizáronse as seguintes actuacións:

- Ao longo do curso o Xefe de Estudos convocou ao Observatorio da Convivencia para realizar unha análise da convivencia no colexio e posteriormente presentalo ao profesorado e aos participantes do observatorio.

- Xuntanzas con Departamento de Orientación do IES Salvador de Madariaga e o IES Rafael Dieste, xa que no próximo curso un sector do noso alumnado escolarizarase nos mencionados centros.

- Coordinación e contactos periódicos con diversos servizos externos de psicoloxía, co Hospital Materno Infantil da Coruña, co Equipo Específico da Consellería de Educación, con Servizos Sociais dos barrios de Rosales e de Labañou.

- Información sobre o alumnado con absentismo escolar.

AULA DE APOIO DE EDUCACIÓN INFANTIL **(AUDICIÓN E LINGUAXE – PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA)**

±ALUMNADO ATENDIDO POLA MESTRA DE A.L:

[Alumno de 4ºB con posible TEL (trastorno específico da linguaxe) segundo o EOE e con rasgos de Espectro Autista.

[Alumno de 5ºA con posible Trastorno de Asperger segundo o EOE de TXD.

[Alumna de 5ºB con comportamentos que se asemellan ó Trastorno de Asperger e dificultades na área da linguaxe. (Pendente de avaliar polo EOE de TXD)

[Alumno de 5ºB con múltiples dislalias (só segundo e terceiro trimestre)

[Dous alumnos de 5ºC con retraso na linguaxe e dificultades de aprendizaxe.

[Alumna de 6ºA con dobre implante coclear.

[Alumno de 6ºA con múltiples dislalias.

[Alumna de 6º A con dislalias.

[Alumna de 6ºB con Síndrome de Abstinencia con déficit de atención.

[Alumna de 6ºB con dislalia (só primeiro trimestre).

[Alumno de 6ºB con dislalias e disfemia.

[Alumna de 6ºC con Síndrome de Down.

[Alumno de 6ºC con dislalias (só primeiro e segundo trimestre)

[Alumno de 6ºC con múltiples dislalias.

[Alumna de 6ºC con dislalias (dada de alta o final do terceiro trimestre).

±ALUMNADO ATENDIDO POLA MESTRA DE P.T:

[Alumno de 4ºA de integración tardía con dificultades na adquisición de normas e rutinas.

[Alumno de 4ºB con posible TEL (trastorno específico da linguaxe) segundo o EOE e con rasgos de Espectro Autista.

[Alumno de 5ºA con posible Trastorno de Asperger segundo o EOE de TXD.

[Alumna de 5ºB con comportamentos que se asemellan ó Trastorno de Asperger e dificultades na área da linguaxe. (Pendente de avaliar polo EOE de TXD)

[Dous alumnos de 5ºC con retraso na linguaxe e dificultades de aprendizaxe.

[[Alumno de 6ºA con posible déficit de atención (só primeiro trimestre)

[[Alumna de 6ºB con Síndrome de Abstinencia con déficit de atención.

[[Alumno de 6ºB de minorías desfavorecidas.

[[Alumno de 6ºB con dificultades de aprendizaxe

[[Alumna de 6ºC con Síndrome de Down.

∓OBRADOIROS:

A partir do segundo trimestre, dado que moitos nenos/as teñen necesidades educativas similares, leváronse a cabo os seguinte obradoiros, co fin de traballar a linguaxe, as normas, o traballo en grupo, entre outros...

1º) **O Xogo compartido.** Neste taller os nenos/as xogan entre eles e cas mestras para aprender a: agardar o seu turno, cumprir as normas e prestar atención ós demais, aprender a gañar e perder, a respectar o que deciden os demais...

2º) **Obradoiro do Supermercado.** Neste obradoiro, dividido entre alumno/as de 5 anos e alumnos/as de 4 anos, imos mercar ó supermercado. Os/As alumnos/as teñen que facer a lista da compra, pedir as cousas, saudar, despedirse, agardar na cola, preguntar, pagar. Unhas veces fai un de tendeiro e outras de comprador.

3º) **Obradoiro do conto.** Aquí os nenos/as participan activamente no conto: cantan, bailan, fan dunha personaxe, falan, comen, ... Traballamos os seguintes contos: A que sabe a lúa, Caperucita, Madre chillona, A mora na silva, Unha vella tiña un can, Os tres porquiños, Fora de aquí horrible monstruo verde.

4º) **Obradoiro do cine.** Os venres a última hora imos o cine todos os nenos/as de apoio. Agardamos na cola, mercamos cos nosos cartos palomitas-refresco-gominolas, sentámonos onde nos di o noso compañeiro (cada día un neno fai de acomodador) e vemos un capítulo duns debuxos animados. Cada neno/a ten tres moedas, unha para a entrada, que dan ao acomodador e as outras moedas para mercar, só dúas veces, polo que o alumnado ten que auto-controlarse.

5º) **Obradoiro de cociña.** Neste obradoiro, que comezou no terceiro trimestre, facemos receitas sinxelas para que os nenos/as manipulen, coñezan os alimentos, desenvolvan os sentidos.

∓MATERIAL ELABORADO:

[[Adaptación de contos: fixemos caretas, quebracabezas con velcro, animais manipulables, e presentacións e powerpoint.

- [[Adaptación de fichas de traballo en powerpoint e para o encerado dixital.
- [[Manipulación de fotos persoais.
- [[Tarxetas de vocabulario, fonemas, etc.
- [[Paneis de actividade.
- [[Triángulo tangram.
- [[Material do supermercado: bolsas de legumes, moedas e billetes, tarxetas de compra con pictogramas de alimentos.
- [[Material para o cine: pictogramas e entradas.

∓MATERIAL MERCADO:

- [[Impresora HP Deskjet 2050.
- [[Imaxinario: Dicionario en imaxes. Ed. SM.
- [[“Una jornada con FLO” Ed. Schulbi. Tarxetas de historias secuenciadas.
- [[“Antes y después” ED. AKROS. Maletín con tarxetas de series: antes-durante-despois.
- [[“Vamos a leer”. Ed. Casals
 - N°1: Pepe y Paula.
 - N°2: El pulpo de Pepe.
 - N°3: El mundo de Paula.
- [[Ábaco de formas e cores. Miniland educational.
- [[Puzzles de madeira:
 - Cabalo.
 - Galiña.
 - Helicóptero.
 - Coche.
- [[Puzzle apilables con rosca de Goula.
- [[Xogo de encaixar argolas de Goula.
- [[LÓGICO PRIMO. Ed. Vincés-Vives.
 - Soporte.
 - Ficheiro 1.
 - Ficheiro 2.

∓OBXECTIVOS TRABALLADOS:

1. Mellorar os prerrequisitos da linguaxe (atención, imitación e memoria).

2. Adquirir pautas de comunicación funcionais.
3. Estimular e/ou corrixir a fala a través da rehabilitación logopédica.
4. Mellorar a estruturación da linguaxe.
5. Incrementar o léxico.
6. Iniciar/reforzar/afianzar a lecto-escritura.
7. Reforzar os conceptos básicos.
8. Adquirir hábitos de autonomía persoal no caso do alumnado con n.e.a.e. mais graves.
9. Xeralizar as aprendizaxes.
10. Potenciar as habilidades cognitivas (atención, percepción, memoria, razoamento, creatividade)
11. Aprender normas e rutinas.
12. Desenvolver a motricidade fina.
13. Xogar simbólicamente.

≡METODOLOXÍA:

Dende o principio do curso partimos, na aula de apoio, dunha metodoloxía individualizada, centrada nos intereses e necesidades de cada alumno/a, respectando o seu ritmo, apoiada con materiais diversos e coas TIC's.

Percurouse crear un ambiente lúdico, propoñendo actividades variadas, buscando a funcionalidade das aprendizaxes, e que o alumno sexa o participante activo na construción do seu coñecemento.

As sesións de A.L foron de 25-50 minutos segundo os casos e as sesións de P.T foron de 50 minutos. Fixéronse actividades individuais, en pequeno grupo e gran grupo.

≡TEMPORALIZACIÓN:

- [[Lectura e análise de informes dos alumnos: ao principio de curso.
- [[Realización de avaliacións iniciais – continuas e finais do alumnado.
- [[Detección de necesidades: ó longo o curso.
- [[Elaboración de materiais: durante o curso .
- [[Colaborar na realización de medidas de atención á diversidade: ó longo do curso.
- [[Reciclaxe persoal: ó longo do curso.
- [[Realización dunha memoria final sobre a validez dos apoios realizados ó final

do curso.

⌈ Realización dun informe final sobre as competencias do alumnado.

⌈ Reunións do Departamento de Orientación (1 hora á semana)

⌈ Entrevistas e reunións cas familias (cando foi necesario)

⌈ Entrevistas e reunións con outros especialistas indicados (EOE, Gabinetes de logopedia e psicólogos, Asociacións) ó longo do curso.

± NECESIDADES DA AULA DE APOIO E PROPOSTAS:

A principal dificultade atopada ó inicio do curso foi o espazo. A mestra de A.L e a mestra de P.T tivemos que compartir unha aula pequena, xuntándonos as veces con 6 nenos/as en actividades variadas, mermando a atención dos mesmos/as.

Atopámonos con pouco material polo que tivemos que aportalo de xeito persoal, ademais de elaboralo. Consideramos importante que exista un material permanente na aula de apoio aínda que o persoal da aula sexa provisional.

No caso dos horarios, recomendamos que as gardas do profesorado de apoio sexan nas terceiras e últimas horas, xa que na terceira hora os alumnos/as polo xeral soen merendar, e as últimas horas son máis curtas debido a que se recolle antes, e os nenos/as están máis cansos, polo que non se aproveita ben o tempo.

Por outro lado, recomendamos que as horas do profesorado de apoio de educación infantil coincidan na medida do posible coas horas de traballo do profesorado titor para reforzar aqueles nenos/as con máis dificultades, e así beneficiáanse dun maior reforzo. Para isto é fundamental a coordinación entre os profesionais.

AUDICIÓN E LINGUAXE EN PRIMARIA

Alumnado atendido:

Na aula de A.L. de primaria, como recurso de axuda á integración do alumnado que presenta necesidades específicas na adquisición e/ou desenvolvemento da linguaxe, atendéronse durante este curso un total de 20 alumnos e alumnas. Todos teñen en común a necesidade de recibir unha atención individualizada para a estimulación e/ou rehabilitación da linguaxe e a comunicación, pero as intervencións foron moi distintas

debido á heteroxeneidade de necesidades educativas atendidas:

- Unha alumna con Síndrome de Sotos que recibiu un apoio de catro sesións semanais.
- Unha alumna con Síndrome de Down que tivo un apoio de catro sesións semanais.
- Un alumno con Trastorno Xeralizado do Desenvolvemento (espectro autista) que recibiu catro sesións semanais.
- Un alumno con mutismo selectivo e serios problemas de comunicación co entorno, que contou con dúas sesións semanais de apoio.
- Dous alumnos con problemas de disfonía que recibiron apoio en dúas medias sesións semanais.
- Un alumno con serias dificultades de acceso ao código escrito, que contou con dúas sesións de apoio na aula de A.L.
- Catro alumnos con dificultades na adquisición e/ou desenvolvemento das destrezas lectoescritoras, que tiveron apoio dúas ou tres sesións semanais .
- Nove alumnos con dificultades debidas a diferentes dislalias, que contaron cunha ou dúas medias sesións semanais, dependendo da cantidade de fonemas afectados e do grado de dificultade de cada un.

Recursos cos que contamos:

A maior diferenza respecto do curso anterior na aula de A.L. estivo na dispoñibilidade de dúas especialistas para atender ás numerosas necesidades existentes no noso centro. Ao contar con estes imprescindibles recursos humanos, puidemos dar unha mellor atención ao alumnado con necesidades de apoio na área da comunicación e a linguaxe.

En canto aos recursos materiais: contamos cos recursos didácticos básicos e específicos de logopedia como:

- Material ortofónico: Espellos, depresores, ...

- Materiais de soplo: velas, globos, algodón, matasogras, palliñas, vasos de plástico, pomperos ...
- Materiais para a audición: instrumentos musicais, radiocasete, reproductor de CD, ordenador, cancións e contos.
- Material gráfico: Contos, vocabulario en imaxes, secuencias temporais, lotos fonéticos, parellas lóxicas,
- Materiais manipulables: puzzles, comidas de plástico, animais de xoguete, coches de xoguete, ...
- Programas informáticos: Actividades creadas por nós mesmos, Actividades de Clic, Pipo, actividades de linguaxe de MIA
- Probas de avaliación da linguaxe .
- Materiais de intervención para as dificultades lectoras: fichas de lectura, contos...

Coordinación:

A boa coordinación de todas as compoñentes do equipo de Orientación (Orientadora, Especialistas de P.T., Especialistas de A.L. e profesora de educación compensatoria) permitiunos acadar significativos e gratificantes avances que nos animan a continuar cos nosos esforzos.

Durante o curso mantivemos xuntanzas periódicas co Xefe de Estudos co obxectivo de analizar e coordinar a intervención educativa en relación ao alumnado con N.E.A.E. Con esta mesma finalidade mantivemos contactos cos servizos externos (Hospital Materno Infantil, Equipo Específico, gabinetes privados,...) que prestan unha atención socio-educativa e sanitaria a algún dos/das nosos/as alumnos/as.

Por suposto, colaboramos en todo momento co profesorado que o demandou e coas familias para establecer unha relación fluida, necesaria para acadar os nosos obxectivos.

Temporalización e agrupamentos:

En principio, as sesións semanais, a súa duración e o agrupamento de alumnado, estiveron en función da importancia e tipo de necesidade educativa de cada alumno/a, así como das súas idades.

Sen embargo, o número de casos e as necesidades de compatibilidade horaria cos tiores e cos demais especialistas, condicionaron en gran medida moitos agrupamentos, de xeito que en varios casos houbo que xuntar nenos/as con problemática moi diferente e de idades tamén moi dispares.

Metodoloxía:

Nas nosas intervencións guiámonos polos principios fundamentais da aprendizaxe significativa: tratando en todo momento de que a atención sexa o máis individualizada, personalizada e activa posible, na medida en que o permitan os agrupamentos antes mencionados.

Intentamos sempre empregar un material manipulativo e significativo para os alumnos, achegado ás súa experiencias e intereses e presentado dentro dun contexto lúdico, na medida do posible. Por outro lado, intentamos sempre ter moi en conta a curva da atención e a fatigabilidade, propoñer actividades breves e variadas, e acompañar a palabra coa imaxe para facilitar a comprensión.

Combinamos nas nosas sesións o traballo previamente organizado e estruturado pola profesora, co máximo respecto ás iniciativas do neno cando estas son compatibles co plan de traballo xeral e os obxectivos finais.

Como é lóxico, utilizamos distintas estratexias metodolóxicas en función das necesidades e características de cada neno/a:

Para a rehabilitación da linguaxe oral empregamos a espera estruturada, a corrección directa e indirecta, o modelado e as “andamiaxes”.

Mentres que para a rehabilitación da linguaxe lecto-escritora combinamos aspectos do método global co método fonolóxico.

Avaliación:

Gracias ao diario de clase, fomos realizando unha observación e recollida de datos que nos permitiu facer un seguimento gracias ao cal fomos comprobando os avances de cada alumno e introducindo pequenas variacións no noso plan inicial de traballo vendo as respostas obtidas. Deste xeito, estamos avaliando o proceso de ensino-aprendizaxe en si mesmos, non só os resultados finais.

A cada alumno/a fíxoselle una avaliación inicial ao ser derivado á aula de apoio, e trimestralmente asistimos á reunión de avaliación e seguimento cos profesionais que traballan con el/ela (titor/-a e especialistas). Coincidindo con estas

reunións trimestrais, emitimos un informe por escrito a disposición de titores e pais.

Propostas de mellora:

Tendo en conta a experiencia do ano anterior e deste ano, consideramos imprescindible contar con dous especialistas de Audición e Linguaxe no noso centro, dada a cantidade de problemáticas severas e específicas que temos, tanto entre os alumnos de Primaria como en E. Infantil.

Por outro lado, tendo en conta que estamos inmersos nunha sociedade na que as TICs son cada día máis importantes, cremos que é urxente dotar a nosa aula de máis recursos deste tipo, tanto de programas específicos como de hardware, xa que temos comprobado que axudan moito a aumentar a motivación e a atención do noso alumnado.

PLAN DE ACTUACIÓN DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA (ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E EDUCACIÓN COMPENSATORIA)

Na etapa de Primaria, ao longo do curso, recibiron apoio ás necesidades educativas por parte das mestras de P.T. un total de 19 nenos e nenas de 1º, 2º e 3º ciclo, tanto dentro coma fóra da aula.

A intervención foi dirixida a alumnado con diversas dificultades de aprendizaxe:

- Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe na lectura, escritura e no cálculo.
- Alumnado con deficiencias psíquicas (Síndrome de Down, Síndrome de Sotos e Trastorno Xeralizado do Desenvolvemento)
- Alumnado con dificultades cognitivas e metacognitivas.
- Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, hiperactividade e déficit de atención).
- Alumnado con baixa autoestima e autoconceito, desmotivado cara as aprendizaxes.
- Alumnado con déficit nas habilidades sociais, intercomunicativas, organizativas...
- Alumnado con desventaxa lingüística e curricular.

A nosa liña de actuación no presente curso incidíu na consecución dos obxectivos propostos na Programación Xeral realizada a principio do curso.

Intervencións:

- **A nivel de centro:**

Participamos como membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Participamos e colaboramos como membros das distintas comisións:

- Actividades extra-escolares, Dinamización do Observatorio da Convivencia Escolar e Normalización.
- Participamos activamente nas decisións e reunións do D.O. mediante as reunións planificadas na programación do Departamento, e sempre que foi necesario para a resolución de problemas puntuais.
- Programamos, co Departamento de Normalización, a actividade de teatro para o primeiro ciclo, onde procuramos integrar alumnado con certas dificultades e traballar diferentes aspectos do desenvolvemento.

- **A nivel de profesorado:**

- Procuramos manter unha coordinación e comunicación fluída co profesorado que atende ós nosos alumnos co obxectivo de acadar unha liña común de actuación e de traballo.
- Cooperamos e colaboramos no desenvolvemento e avaliación das ACIS.
- Colaboramos co profesorado na elaboración e oferta de materiais didácticos adaptados ó alumnado e /ou o grupo.
- Elaboramos os informes que reflicten o nivel de consecución dos obxectivos acadados por este alumnado no presente curso.
- Elaboramos caderniños de traballo e diversos materiais adaptados para facilitar ás aprendizaxes deste alumnado seguindo na medida do posíbel o establecido polo seu profesor- titor.

- **A nivel familia:**

- Procuramos, xunto cos titores, asesorar e implicar ás familias na vida educativa e académica dos nenos/ as a través de diversas actividades como: entrevistas, reunións conxuntas e individuais, encontros e festividades...
- Intercambiamos información dos seus fillos/ as sobre: comportamentos,

hábitos de estudo, lectura, traballo, ocio e tempo libre... sobre a vida afectiva, social, lingüística...

-Procuramos unificar normas, regras e liñas comúns de actuación como modo de consolidar un axeitado desenvolvemento integral por parte dos alumnos.

-Informámoslles oralmente e por escrito, cando foi necesario, sobre a evolución e progreso educativo e persoal dos seus fillos/ as.

-Traballamos en equipo con algunhas familias, ofertando materiais e procedementos para a recuperación de aprendizaxes básicas .

-Iniciamos un programa de Técnicas de Estudo dirixido ás familias . Este curso programouse para o 1º nivel. Cada curso irémolo ampliando aos seguintes niveis.

- A nivel alumnado:

-En función das necesidades do alumnado, realizáronse dous tipos de medidas de atención a diversidade: o Reforzo Educativo e as Adaptacións Curriculares.

Dentro do primeiro apartado adoptáronse dúas modalidades:

a) apoio na aula base, ben a alumno/a, ben ó grupo

b) apoio na aula de P. T. a un grupo numeroso de alumnado que ben presentaban desfases curriculares ou outro tipo de dificultades.

No primeiro caso traballouse seguindo unha liña común: marcouse o Nivel de Competencia Curricular de cada alumno, seleccionáronse os obxectivos e contidos a nivel individual, así como os materiais curriculares. Traballouse, polo tanto, con programas individualizados adaptados ás necesidades ou problemática de cada alumno. Avaliouse a programación segundo os ítems que marca a actual lexislación (observación dos contidos en proceso) para posterior seguimento da mesma.

Con respecto ás aprendizaxes previstas con este alumnado na Programación Xeral Anual, destacar que as actuacións levadas a cabo no curso e o grao de consecución dos obxectivos aparecen reflectidas nos informes individuais.

Para rematar, dicir que en todo momento procuramos crear un axeitado clima de ensinanza aprendizaxe cos nosos alumnos, tanto cando traballamos dentro como fóra das aulas ordinarias, empregando (sempre que o excesivo número de alumnos/as e a organización do horario nolo permitiu) aprendizaxes significativos e funcionais.

ESPECÍFICO DA ESPECIALIDADE DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA

No presente curso 2010-11 recibiron apoio educativo da mestra da especialidade de Educación Compensatoria, 21 nenos e nenas de 1º, 2º e 3º ciclo de Primaria.

- A intervención foi dirixida a alumnado con diversas dificultades de aprendizaxe .
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe na lectura, escritura e no cálculo.
- Alumnado con desfase curricular por mor do absentismo e /ou deprivación socio-cultural.
- Alumnado procedente do estranxeiro.

Por mor da mobilidade do colectivo atendido, producíronse altas e baixas de alumnado ó longo do curso o que nos obrigou a flexibilizar os grupos e os materiais así como a adecuar as programacións da aula base na procura da rápida adquisición das competencias necesarias para a integración do alumno no seu grupo.

Traballouse en estreita colaboración dentro da aula de apoio e do Departamento de Orientación, polo tanto o anteriormente desenvolvido dentro da aula de P.T. tamén é aplicable á aula de compensatoria.

O grao de consecución de obxectivos e contidos no alumnado que recibiu apoio foi satisfactorio en xeral.

PROPOSTA DE MELLORA DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA

- É fundamental a asignación dun tempo para a coordinación co profesorado.
- Priorizar no curso que ven a selección, clasificación e rexistro de material didáctico necesario para atender as necesidades educativas do alumnado
- Reunión cos titores de alumnado con adaptación curricular previa a cada avaliación; para tomar en equipo as decisións que atinxen a ese alumnado.

MEMORIA DE BIBLIOTECA

1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA

A Comisión da Biblioteca estivo formada durante este curso por trece profesores/as.

Adquisición, xestión e organización de novos fondos:

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos uns 350 documentos, cantidade similar á do curso pasado.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos. Continuamos tamén durante este curso introducindo os códigos de barras que non estaban antes do volcado ao programa Meiga dende o programa informático anterior e que aínda non rematamos debido á gran cantidade de documentos da nosa B.E. De paso, seguimos completando estes rexistros bibliográficos máis antigos, introducindo a ubicación dos libros, a sección, as materias, etc. En definitiva, mellorando o noso catálogo. Tamén estanse a catalogar os fondos que estaban nas Aulas de Música para ter un mellor control deles.

Proseguimos tamén este curso introducindo as portadas dos documentos no catálogo en Internet. É unha tarefa laboriosa pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa.

Préstamos:

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. A primeiros de outubro abriuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás os luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse uns 3000 préstamos.

2.-DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS

➤ Exposicións e Lecturas de textos:

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- **Exposición sobre o Medo**, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
- **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
- **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
- **Exposición dedicada ao cine clásico con exhibición de obras cinematográficas.**
- **Exposición sobre Lois Pereiro** dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas.
- **Exposición de Novidades de Primavera.**

➤ Encontros con autores:

- Encontro do alumnado de E. I. de 3 anos con **Mariné Lorenzo Corcoba**, autora do libro “Un soño na bandexa” e **Jorge Vázquez**, ilustrador do mesmo.
- Encontro do alumnado de 1º Ciclo coa autora e ilustradora de libros **Violeta Monreal**. Tamén mantivo un emotivo reencontro co alumnado de 5º curso co que conversara por videoconferencia hai xa 3 anos.

➤ Uso da Sala da B.E. como centro de recursos multimedia:

- Uso do canón de vídeo para presentar unidades temáticas, visionar películas, fotos, ilustracións,...
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.

➤ Materiais producidos:

▪ **Guías:**

Entregáronse **dúas guías de lectura** para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións **de Nadal** e outra antes das vacacións **de verán**.

▪ **Revista dixital:**

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Lecturas para o Nadal
- Violeta Monreal no cole
- Lecturas para o verán
- Diplomas “Leóns Dourados” 2011

▪ **Diplomas “Leóns Dourados”:**

Tamén elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles nenos /as que se distinguen pola súa participación lectora na B.E.

Neste curso, ampliamos o número de diplomas e entregamos dous por ciclo en vez de un, como facíamos nos cursos anteriores.

Nun acto ao fin de curso dáselles un agasallo como premio aos máis lectores da B.E., xunto co diploma.

- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado, de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Realizáronse visitas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as de cara a que vaian coñecendo o espazo físico, a organización dos documentos,, e os servizos que ofrece.

Utilizouse así mesmo a B.E. para facer buscas de información e investigación, sobre todo na área de Coñecemento do Medio.

4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

MEMORIA DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Ver Memoria da B. E.

3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Dende o curso 2002-2003 levamos a cabo o “**Programa de Lectura Silenciosa Sostida**”. Co tempo fóronse introducindo nalgúñas aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo, que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

4.- ITINERARIOS LECTORES

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

Primeiro Ciclo:

1º: - “Días de gatos “. Violeta Monreal
- “Rata Linda de Compostela” . Bernardino Graña

2º: - “No quiero un dragón en mi clase”. Violeta Monreal
- “A galiña azul”. Carlos Casares

Segundo Ciclo:

3º: - “Pamela Panamá contra la bruja descalza”. Violeta Monreal
- “A Serea da Illa Negra”. Agustín Fernández Paz

4º: - “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez

5.- ACTIVIDADES

➤ E. INFANTIL

- Continuouse co Proxecto Lector.
- Sesión de “Contacontos” no 1º día de colexio para inaugurar o curso.
- Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron libros de ficción e información.
- Actividade de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. E.
- Visitas á B. M. do barrio, con actividades sobre diferentes tipos de contos: de contar, ver, informarse,...
- Creación de material multi-media e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura: Grabación de contos polos nenos e traballos sobre eles.
- Elaboración de “Contos viaxeiros” e “Libros de nomes” en colaboración coas familias e logo presentación nas aulas e tamén ás familias.
- Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- No tempo do “Día das Letras Galegas” fixéronse actividades sobre Lois Pereiro.
- Préstamo de libros da aula á casa (na xornada de mañá).

- Encontros con autores: O alumnado de 3 anos mantivo un encontro coa autora do conto “Un soño na bandexa”, Mariné Lorenzo Corcoba e co ilustrador do mesmo, Jorge Vázquez.
- En cada nivel traballouse un conto dentro dun proxecto máis global levado a cabo polas profesoras de apoio no que se realizaron animacións á lectura, elaboración de contos, lectura de imaxes, actividades plásticas, xogos, obra de teatro, cancións e disfraces do Entroido alusivos aos contos traballados que foron:
 - “Cocorico” en 4º de E. I.
 - “O coelliño branco” en 5º de E.I.
 - “Frederick” en 6º de E.I.
- Colaboración coas familias: Ao principio de curso solicítase a cada familia que aporte un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estos contos para animación á lectura e actividades na aula.

➤ 1º CICLO

- Participación no P.L.S.S.
- Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
- Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...
- Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
- Lectura nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.
- Dramatización dalgunhas das lecturas leídas.
- Lectura de dous libros por nivel, un en castelán e outro en galego:
 - En 1º:
 - “Días de gatos” de Violeta Monreal
 - “Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.
 - En 2º:
 - “No quiero un dragón en mi clase” de Violeta Monreal.
 - “A galiña azul” de Carlos Casares.

- Realización de actividades plásticas e un mural relacionados coas lecturas mencionadas.
- Encontros con autores: Todos os alumnos do Ciclo mantiveron un encontro coa escritora e ilustradora Violeta Monreal, autora de dous dos libros citados.
- Iniciación á búsqueda da información, especialmente en temas relacionados cos contidos curriculares de Coñecemento do Medio e Educación Artística.
- Iniciación ao cine clásico: Visionado de películas antigas (Tarzán) e curtos de cine mudo.
- Recomendacións de libros que se poidan mercar para a B.E.
- Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.

➤ 2º CICLO:

- Participación no P.L.S.S.

- Lectura de libros

- En 3º :

“Pamela Panamá contra la bruja descalza” de Violeta Monreal.

“A Serea da Illa Negra” de Agustín Fernández Paz.

Realizáronse diversas actividades sobre estos libros:

- Identificación das partes dun libro e análise da información que aporta cada unha.
- Composición de resumos e organización das ideas principais.
- Murais

- En 4º :

“Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez.

Elaboráronse tamen actividades sobre o libro e algunhas delas pasáronse ao blog de aula.

- Iniciación ao cine clásico: Visionado de películas

- En 3º:

“Las minas del rey Salmonete” de Abbott y Costello

“Amor en conserva” de los Hermanos Marx

Curtos de Charlot

- En 4º:

Curtos de Charlot

“Binta y la gran idea” de Javier Fesser

➤ 3º CICLO:

- Participación no P.L.S.S.
- Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que valoramos positivamente.
- Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...
- Nalgunhas titorías a biblioteca de aula está informatizada e o propio alumnado é o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas,...
- O alumnado de 5º curso tivo a oportunidade de reencontrarse con Violeta Monreal coa que se contactara por videoconferencia no 2º curso.
- Elaboración dun programa de radio polos alumnos de 6º dentro do proxecto “A radio en ruta da Cadena Ser” no que se traballan moitos dos contidos e actividades incluídos no Plan de Lectura e que se emite desde a B.E. do noso centro.

ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Ver Memoria da Biblioteca.

6.- LER EN FAMILIA

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

7.- AVALIACIÓN

No 1º Ciclo a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva.

Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnado de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

No 2º Ciclo estiman en xeral positiva a avaliación.

No 3º Ciclo consideran a avaliación positiva, sobre todo no caso das lecturas colectivas con textos indicados polos titores/as. Observan, non obstante, que ningunha das actividades do Plan fai lector ao alumnado que non aprecia a lectura, aínda que as lecturas colectivas adoitan prender máis a atención dos non lectores.

MEMORIA DA COMISIÓN TIC

VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVOS PXA 2010-2011:

1.- Incrementar os equipos móbiles de proxección.

2.- Adquirir impresoras multifunción, teclados e ratos inalámbricos para os equipos móbiles de proxección.

Non acadados plenamente debido á precariedade de recursos económicos do centro. Mercáronse cinco teclados e ratos inalámbricos pero non se incrementou o número de equipos móbiles de proxección.

3.- Mellorar a conectividade wifi no edificio de educación primaria.

A pesares de reclamar en varias ocasións da Unidade de Atención a Centros (UAC) a revisión da conectividade wifi do edificio de educación primaria, o sistema segue presentando fallos. A UAC realizou comprobacións do seu funcionamento, repoñendo os puntos de acceso deteriorados ou de mala conectividade. Hai aulas (nas cabeceiras do edificio) onde é practicamente imposible acadar unha conexión estable a pesares de aumentar a ganancia das antenas dos PCs ou de variar a ubicación do ordenador dentro da propia aula. Considérase que a mellor opción para garantir a conectividade sería o cableado das aulas.

A Comisión TIC debater no Claustro e no Consello Escolar a conveniencia do cableado das aulas do 1º andar (1º e 2º ciclos de EP).

4.- Instalar pantallas de proxección nas aulas do 1º Ciclo de EP.

Desbotouse esta opción por ser pouco práctica, buscando como alternativas a adquisición de equipamentos TIC máis acordes coas necesidades do ciclo. Neste apartado cabe citar a negociación realizada polo Coordinador e o o profesorado do 1º ciclo de EP coas editoriais, obtendo destas unha contraprestación importante pola designación dos seus libros de texto. Tanto SM como Anaya instalarán nas 6 aulas do 1º ciclo sendas pizarras interactivas acompañadas do seu videoproxector e dun ordenador portátil para cada titor/a.

5.- Renovar PCs de sobremesa nas aulas de EP3ºB, EP4ºA, EP4ºB.

Realizouse a adquisición por parte do colexio de 4 ordenadores de sobremesa para as aulas de: EP3ºB, EP4ºA, EP4ºB, PT, mellorando a súa conectividade á rede.

6.- Adquirir cámaras web para educación infantil, lectores de documentos para o centro e memorias externas para o profesorado da Aula de Apoio.

Mercáronse as cámaras web para educación infantil.

ACTIVIDADES:

1.- Continuar co Seminario Permanente sobre a revista dixital.

Mantívoase o SP sobre a revista escolar baixo a denominación de “A revista dixital como motor dinamizador pedagóxico”.

2.- Mantemento e actualización da páxina web do centro.

Contouse coa colaboración da Asesora TIC do CFR da Coruña que asesorou ao Coordinador TIC e a dous profesores da Comisión TIC para desenvolver a publicación de contidos na web do centro. Esta sesión resultou bastante complexa e quedou en mans do Coordinador TIC a administración e publicación de contidos. Espallouse, en parte, o xeito de realizar a publicación de contidos a través da Comisión TIC, acadándose unha estrutura informativa no 2º ciclo de educación infantil empregando a aplicación Symbaloo.

3.- Creación dun Seminario Permanente para elaboración de recursos didácticos dixitais a empregar polo profesorado de Apoio en Educación Infantil.

Realizouse un GT integrado polo profesorado de apoio de educación infantil baixo o título: “Fala móvete e navega polas competencias básicas en educación infantil”.

4.- No marco curricular da área o profesorado de Inglés do 3º Ciclo de EP creará espazos web para uso do alumnado con actividades complementarias.

Realizouse un SP integrado polo profesorado de inglés do centro e a mestra titora de 4ºB baixo o título: “Blogging in Los Rosales”

5.- No 2º ciclo realización de actividades conxuntas empregando as TIC.

O profesorado titor de 3º/4º curso de EP realizou actividades conxuntas no uso das TIC nas áreas de CMSNC fundamentalmente.

6.- Afondar no uso dos libros dixitais e preparación dos recursos a empregar coas TIC no 1º curso do 3º ciclo de EP.

Para esta actividade o profesorado do 1º curso do 3º ciclo de EP fixo unha escolla de materias didácticos en-liña para uso nas diferentes áreas curriculares fundamentalmente CMSNC. Tamén acordouse empregar como repositorio de contidos a páxina JUEDULAND (<http://roble.pntic.mec.es/arum0010/>)

7.- Busca de recursos alternativos para empregar nas clases de EF.

A profesora de EF estableceu contactos de colaboración con outro profesorado pertencente a diferentes centros escolares para abordar a temática do cine mudo no contexto da educación física. Realizáronse proxeccións de cine mudo e recreáronse esceas de cine mudo por parte do alumnado durante as sesións de EF.

8.- Aproveitamento dos NCs da aula de internet municipal.

Tentouse darlle un pulo ao uso da Aula de Internet Municipal sen acadar os obxectivos previstos. A aula presenta problemas de conectividade tanto eléctrica como de rede nalgúns dos equipos, precisándose investimentos a cargo dos orzamentos do centro para mellorar o seu funcionamento. A precariedade espacial por convivencia cunha das aulas de ERE (Educación Relixiosa) fai practicamente inservible a citada aula, debendo valorase o seu mantemento ou a petición de retirada do equipamento do concello.

A Comisión TIC acorda debater no Claustro e no Consello Escolar a retirada da Aula de Internet Municipal.

Outros asuntos relativos á Comisión TIC:

Por outra banda o Claustro e Consello Escolar ratificaron maioritariamente a solicitude de participación na convocatoria de selección de novos centros para a rede Abalar, de cara o vindeiro curso escolar 2011-2012.

Gracias as dotacións orzamentarias dos Seminarios Permanentes e Grupos de Traballo así como unha aportación dos orzamentos do colexio, adquiríronse equipamentos informáticos tales como:

- Cámara de video dixital (educación infantil).
- Encerado Dixital Interactivo (aula de inglés)

MEMORIA EACE

Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación e a participación dos alumnos deste centro. Para iso realizáronse as seguintes actividades:

Festa de inicio de curso: En educación Primaria organizamos unha serie de xogos no patio do colexio despois da hora do recreo.

Festa do Magosto: Organizouse o asado das castañas para todo o colexio. Leváronse as castañas para os nenos de E Infantil para o seu patio, onde se organizaron xogos para eles.

O alumnado de E Primaria baixaron en dúas quendas para comer as castañas e participar nunha serie de xogos alusivos ao tema deste día.

Tamén organizamos unha exposición de “colares de outono” para todo o colexio.

Xunto co EDL elaboramos o mural da entrada do colexio e adornamos os diferentes corredores con castañas.

Festa do Nadal: Organizamos unha mostra de cancións de Nadal e un concurso de murais, nunha cartolina para poñer na porta da clase, logo foron expostos no mural da entrada. Serviron de tema para a felicitación do Nadal do colexio deste ano.

Día da Paz: O lema elixido este curso foi “Todos xuntos lograremos a Paz”.

Elaboramos un mural coas aportacións de todas as clases, que despois queimamos no acto celebrado o propio día no patio de abaixo, diante do mural da Paz

elaborado polos nenos de E Infantil. Todos xuntos cantamos a canción elixida para esta data.

Para rematar, coas siluetas das mans de todo o persoal que traballa neste colexio, fixemos unha pomba que deixamos no mural da entrada.

Entroido: Organizamos a semana do Entroido co lema elixido: “O cine”.

Adornamos o colexio con pósters e fotografías alusivas a este tema.

Cada nivel disfrazouse segundo a película elixida e tamén fixemos unha mostra de cancións de Entroido.

O alumnado de E. Infantil disfrazouse da personaxe do conto elixido e traballado en cada nivel.

O profesorado tamén se disfrazou e cantou unha canción ao rematar o desfile.

Rematamos coa degustación de produtos típicos destas datas, para o que contamos coa colaboración da ANPA.

Posteriormente organizáronse unhas charlas e mostras de películas para todos os nenos do colexio, baixando durante unha semana por niveis para poder adaptar a actividade ao nivel do alumnado.

Letras Galegas: Elaboramos o mural da entrada en colaboración co EDL e colgamos portadas de libros escritos en galego polos corredores do colexio.

Tamén elaboramos un mural no taboleiro do 2º andar con unha pequena historia das orixes da conmemoración desta festa.

Organizamos unha pequena exposición de revistas antigas para os alumnos de 4º,5º e 6º de E Primaria e algún outro curso que estivo interesado en coñecela.

Colaboramos co EDL para a organización do festival do Día das Letras Galegas.

Festa fin de curso: Para estas datas haberá actuacións dos distintos grupos de teatro que hai no colexio, tanto para todo o alumnado coma para os pais dos nenos/as que actúan.

Remataremos coa tradicional festa de xogos e inchables que aporta a ANPA deste colexio.

MEMORIA DAS SAÍDAS ESCOLARES

Ao longo do curso 2.010/11 fixéronse, tanto por parte do alumnado de E. Infantil como do de E. Primaria, unha serie de saídas escolares, todas elas cunha finalidade didáctica. A maior parte destas visitas forman parte do programa municipal “Aprender en Coruña” que oferta a Concellería de Educación de A Coruña. O Colexio participou nas seguintes actividades do programa “Aprender na Coruña”:

-”Mostra de Teatro Infantil” no Parque Europa: todo o colexio participou nesta actividade.

-”Descubir a Música” (Concertos Didácticos da Sinfónica): participou de 5º de Infantil a 6º de Primaria. O alumnado de Primaria asistiu a representación da montaxe operística “El Super Barbero de Sevilla”.

-O Programa “Descubir Coruña” que comprende tres apartados:

a) Visitas e Itinerarios, no que participou case a totalidade do colexio.

b) Rutas Urbans Animadas, participou E. Infantil e os Primeiro e Segundo Ciclos de Primaria.

c) “La Radio en ruta”. Nesta actividade participa exclusivamente o alumnado do 6º nivel de educación primaria.

- Programa “Descubrir os libros”: participou a totalidade de Educación Infantil (este curso visitamos a Biblioteca de Los Rosales)

-Museos Científicos Coruñeses (Aquarium, Domus, Casa das Ciencias): participou o alumnado de Educación Infantil.

-Educación Ambiental: participou o alumnado de E.I. de 5 anos (Visita a Lagoa de Eiris) e 5º de Primaria (A ruta da auga)

-Visita ao “Castro de Elviña” (alumnado de 5º de Primaria)

Ademais das actividades ofertadas polo Concello, parte do noso alumnado tamén

asistiu a exposicións que tiveron lugar na cidade como foron as exposicións do aniversario de Luis Seoane visitando as exposicións de Caixa Nova (3ºCiclo) e de Caixa Galica (4º de Primaria).

Os alumnos e as alumnas de 4º de primaria asistiron a unha exposición/obradoiro no MACUF, así como á Escola de Cerámica de O Castro.

O alumnado de Relixión Católica do 6º Curso de Primaria visitou con motivo da celebración do Ano Santo, a cidade de Santiago de Compostela: a catedral, e as prazas que a rodean. Na mesma xornada visitaron a exposición Galicia Dixital.

O alumnado de Relixión Católica e de relixión Evanxélica do 6º Curso de Primaria visitou, no mes de maio, a Institución Benéfico Social “Padre Rubinos”.

O alumnado de Atención Educativa de 6º Curso de Primaria visitou as cubertas da catedral de Santiago de Compostela e o Parlamento de Galicia.

As convivencias en Gandarío de E. Infantil e do Primeiro e Segundo Ciclos de Primaria non se fixeron pola climatoloxía adversa. Como saídas de fin de Curso os alumnos de 5º visitaron Betanzos, e os de 6º nivel foron tres días as Fragas do Eume.

MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Educación e O. U. Un total de 18 alumnos/as de O Portiño.

MEMORIA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES

Un ano mais a empresa Eurest, gracias ó convenio que mantén coa Federación de ANPAS e o Concello, é a encargada de prestar o servizo de almozos e tamén de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral de arredor dun 40% das familias do alumnado que acode ó centro.

O servizo préstase en dous espazos diferenciados para alumnado de infantil e de primaria.

PROGRAMA DE MADRUGADORES

O Concello subvenciona unha parte do prezo deste servizo, afectando o importe mensual que paga cada familia.

Durante este curso utilizaron este servizo un total de 91 alumnos/as (producíndose 3 baixas ó longo do curso), un 35% pertencentes a educación infantil. O alumnado estivo atendido por 3 monitoras, facendo unha delas funcións de camareira.

As modalidades ofertadas foron: fixo mensual con e sen almorzo, esporádico (días soltos) e a quendas (dúas semanas ó mes). O alumnado que utilizou o servizo nestas modalidades, no mesmo orde sinalado foron: 26, 25, 37 e 3. Así que principalmente se demanda o servizo mensual con ou sen almorzo, hai unha alta porcentaxe de esporádicos e a modalidade a quendas, anteriormente demandada polas familias, foi utilizada só en tres casos.

Distribución por anos de nacemento:

	INFANTIL			PRIMARIA					
Ano nac.	2007	2006	2005	2004	2003	2002	2001	2000	1999
Usuarios	11	12	9	14	10	13	7	11	4
TOTAIS	32			59					

PROGRAMA DE COMEDOR

A Xunta, ata o de agora, subvencionou unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ó que se recibe.

O total de comensais ó longo do ano foi de 224, un 42% de educación infantil e un 58% de educación primaria. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual (113 usuarios), fixo discontinuo (60 usuarios) e esporádico (51 usuarios). A media de comensais diarios foi de 145. O persoal dividiuse entre os dous espazos do seguinte xeito: 3 monitoras e 1 camareira (esta última realizando funcións de monitora no patio despois de comer) para o grupo de infantil e 3 monitoras e 2 camareiras para o grupo de primaria.

Distribución por anos de nacemento:

	INFANTIL	PRIMARIA	

Ano nac.	2007	2006	2005	2004	2003	2002	2001	2000	1999	1998/97
Usuarios	37	37	20	37	21	25	21	12	4	3
TOTAIS	94			123						

Valoración do servizo:

O cambio do equipo de monitores realizado a primeiros de curso xerou un axuste inicial para o alumnado e familias, pois ademais de ter que adaptarse a un novo monitor, houbo cambios na organización e funcionamento. Todos eles, en calquera caso, tiveron o efecto desexado por parte da ANPA: maior seguridade e control, pautas e criterios educativos axeitados e boa comunicación e colaboración entre as partes implicadas. A cohesión do grupo de profesionais contribuíu moi positivamente á consecución destes obxectivos. Descoidouse a coordinación formal xa que non se fixeron reunións entre empresa, ANPA e dirección, pero aínda así consideramos que o servizo funcionou correctamente.

A entrega do alumnado realizouse pola porta principal, entrando o alumnado para actividades extra-escolares pola do patio cuberto. O horario de entrega foi respectado estritamente, manténdose a porta pechada ata ese momento. Sen embargo, ante a demanda realizada por un grupo significativo de familias de adiantar o horario de recollida, no mes de febreiro e coa previa aprobación en Consello Escolar, estableceuse outra quenda de entrega de 15.25 a 15.30 horas. Todos aqueles que quixeran recoller ós seus fillos/as neste horario tiñan que solicitalo expresamente e cumprir escrupulosamente con ese horario, co fin de non interromper a actividade e necesidades de atención do resto do grupo. Con salvidades puntuais, foron respectuosos con esta esixencia.

A responsable do equipo no centro prestou atención ás familias dúas horas por semana (unha de mañá e outra de tarde) para realizar altas, baixas e modificacións e atender as demandas que se puideran producir.

Non houbo queixas significativas respecto á temperatura, cantidade e calidade da comida nin á xestión das dietas especiais. A xestión de baixas foi habitualmente correcta. Por outro lado, mellorouse a limpeza da instalación.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O longo deste curso participaron un total de 296 nenos/as en distintas actividades que agora comentamos.

ACTIVIDADES CREATIVAS

Continuamos co programa de actividades extra-escolares ofertado pola empresa de tempo libre (AXIÑA, S.L.). Na táboa reflíctense os horarios e o número de participantes por hora.

	LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES	
De 4 a 5	Teatro	18	Debuxo- Pintura	11			Debuxo-Pintura	11	Cociña	14
			Manualidades Reciclaxe	11	Teatro	18	Manualidades Reciclaxe	11		
De 5 a 6	Teatro	19	Debuxo- Pintura	14			Debuxo-Pintura	14		
			Manualidades Reciclaxe	10	Teatro	19	Manualidades Reciclaxe	10		

Os totais por actividade foron:

Actividade	Total alumnado
Teatro	37
Debuxo e pintura	25
Manualidades/Reciclaxe	21
Cociña	14
TOTAL	97

Con algunhas altas e baixas, mantívose a matrícula ó longo do ano. A proposta inicial diferenciaba por idades a actividade de teatro pero dada a escasa matriculación de alumnado maior de 8 anos establecéronse os grupos de forma algo máis heteroxénea, atendendo máis ás solicitudes por horarios que por idades. Igualmente, atendendo á experiencia do curso anterior, propúxose inicialmente unha hora de debuxo e outra de manualidades. Unha vez realizada a matrícula configuráronse dous grupos de cada actividade, un de 4 a 5 e outro de 5 a 6. Sorprendeunos a baixa matrícula na actividade de cociña, descoñecendo o motivo (non nos consta insatisfacción do curso pasado, máis ben ó contrario). É posible que un número importante de nenos/as que ían o curso anterior tivesen maior oferta ó incorporarse ó primeiro ciclo de primaria e optasen por outras actividades.

En xeral en tódalas actividades, se obtivo unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados. Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar disfrute persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e imaxinación.
- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe normas, hábitos hixiénicos relacionados coa comida,...).
- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, a convivencia, tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, o orde e a organización, etc.

Fixéronse actuacións de teatro en Nadal e Entroido e unha última a finais de curso.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Finalmente este curso puidemos empezar (case desde o principio) as actividades deportivas no pavillón adscrito ó colexio. Isto supuxo unha mellora na calidade das instalacións (a pesar das esperas polas equipacións) e un aforro en tempo de desprazamentos para as familias. Dispuxemos incluso de máis horas porque se puideron manter algunhas das solicitadas previamente no Pavillón de Labañou, como en anos anteriores.

No calendario figura o número de nenos/as por actividade.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 16 a 17	Fútbol Benxamín 12	Iniciación Fútbol* 45	Mini Basket Benxamín 33	Fútbol Benxamín 12	Mini Basket Benxamín 33
	Judo 24	Ximnasia 16	Judo 24	Ximnasia 16	
De 17 a 18	Fútbol Alevín 18	Pre Minibasket 20	Mini Basket Alevín 26	Fútbol Alevín 18	Mini Basket Alevín 26
	Judo 14	Ximnasia 12	Judo 14	Ximnasia 12	
	Xogos Deportivos	Predeporte	Xogos Deportivos	Predeporte	
				Natación (35)	

*Ampliouse o horario de adestramento como se explica máis adiante.

Os deportes ofertados pola ANPA durante este curso foron: **fútbol-sala, baloncesto, ximnasia rítmica, xudo e natación**. A xestión destas actividades estivo baseada na contratación de servizos: coa empresa *Tempo* no caso de ximnasia, coa empresa de Tempo Libre Axiña para judo e mediante convenio de colaboración co Club *Deportivo Los Rosales*. Este club asumiu a xestión completa das actividades de fútbol-sala e baloncesto. A Campaña de Natación estivo a cargo do Servizo Municipal de Deportes. Por outro lado está o PROGRAMA DE DEPORTE NO CENTRO, dependente do Servizo Municipal de Educación, no que se ofertaron as actividades de **Xogos Deportivos e Predeporte**.

XIMNASIA RÍTMICA.-

Este curso formáronse dous grupos de ximnasia rítmica, que finalmente estaban separados por idades. Mantívose aproximadamente a matrícula do ano anterior. Hai disparidade de opinións por parte das familias respecto ó funcionamento da actividade xa que mentres algunhas pensan que o profesor era moi esixente outras non quedan moi satisfeitas co resultado. Aínda así, non houbo baixas ó longo do curso.

XUDO.-

Esta foi unha nova actividade ofertada pola empresa Axiña durante este curso. Tivo moi boa acollida, con alta matrícula e 2 baixas durante o curso. O igual que no caso de teatro prantexouse inicialmente como grupos separados por idades que finalmente foron máis heteroxéneos atendendo ás demandas de conciliación familiar. Non se prantexaron dificultades por esta cuestión.

Fixéronse dous exames de pase de cinturón (de branco a branco-amarelo e de branco-amarelo a amarelo) e tamén se participou no Trofeo Miguelito.

NATACION.-

Este curso continuamos co Programa Municipal de Natación Escolar no que participaron un total de 35 nenos/as de 2º Ciclo de Primaria tódolos xoves de 17.00 a 18.00 horas.

PROGRAMA DEPORTE NO CENTRO.-

Con este programa, dependente do Servizo Municipal de Educación, ofértanse dúas actividades: Xogos deportivos (19 nenos/as de Educación Infantil) e Pre-deporte (15 nenos/as de 1º ciclo de primaria). **Corrixíuse** a impuntualidade do monitor padecida durante o curso pasada e mantívose a matrícula e a satisfacción dos usuarios en xeral.

FUTBOL-SALA E BALONCESTO.-

A oferta de entrenamentos inicial ampliouse debido á grande acollida que tivo e á dispoñibilidade do Pavillón Polideportivo de Labañou (Cocheiras). Adestrouse a maiores os luns de 16.00 a 17.45 Iniciación 2004 e os xoves de 16.00 a 17.00 Iniciación 2003.

Aínda que a filosofía do Club non prioriza a competición, considérase esta como

unha parte máis da formación integral, tanto no ámbito deportivo como non persoal, aportando motivación, necesidade de compromiso cunhas normas e co grupo e convivir con distintos equipos. Así, ademais de partidos amistosos organizados polo Club, os equipos participaron nas seguintes competicións:

Fútbol-sala

	XXX Trofeo Calasanz de Fútbol-sala.	Liga da Federación Coruñesa de Fútbol-sala	Copa da Federación Coruñesa de Fútbol-sala
E.P.B. 2004 A	6º clasificado	-	-
E.P.B. 2004 B	3º clasificado	-	-
E.P.B. 2003 A	4º clasificado	-	-
E.P.B. 2003 A	6º clasificado	-	-
Benxamín	4º clasificado	10º clasificado	1ª ronda
Alevín	4º clasificado	Subcampión	Semifinalista

O número de participantes por equipos foron:

	Total xogadores	Total federados
E.P.B. 2004 A	11	
E.P.B. 2004 B	12	
E.P.B. 2003 A	10	
E.P.B. 2003 A	12	
Benxamín	12	12
Alevín	18	15

Baloncesto

	Torneo Caixanova 3x3	Liga Federación Coruñesa de Baloncesto
Preminibasket A	x	

Preminibasket B	x	
Benxamín E.P.B. A	x	x
Benxamín E.P.B. B	x	x
Alevín E.P.B.	x	x

Do grupo de Benxamín federáronse un total de 29 nenos e no grupo de Alevín foron 15.

Temos que destacar a alta participación de nenas en tódalas categorías, prantexándose a creación dun equipo alevín feminino para o próximo curso.

Tanto en fútbol-sala como en baloncesto hai que recoñecer a asistencia e implicación dos participantes, así como o seu bo comportamento tanto nos adestramentos como nas competicións.

SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

Actuacións realizadas polo Concello:

- Arranxar pasador da porta da aula de EP6ºB e arranxar porta do armario de corredeira (case solta).
- Arranxar portas corredeira do comedor infantil por estar soltas.
- Arranxar portas corredeira do comedor primaria por estar estragadas.
- Repoñer pasadores e topes das portas das aulas de educación primaria.
- Arranxar porta corredeira do armario da aula de inglés1 por risco de pillarse os dedos.
- Repoñer pintura nas paredes interiores da estantería empotrada.
- Arranxar caixóns do armario empotrado (non abren).
- Arranxar as ventás da Aula de Música (non abren).
- Arranxar porta do armario da aula de EI5B (mal amañada o curso pasado)
- Repoñer fechadura no portalón para acceso de vehículos para o colexio de infantil.

- Arranxar as ventás do SUM, EP1°C, EP2°B (non abren)
- Arranxar caixóns armario empotrado das aulas de EP2°B, EP2°C, EP4°A,
- Arranxar portas armarios da aulas de EP1°C, EP3°C.
- Arranxar armarios empotrados das aulas de EP1°B, EP2°B
- Repoñer fechadura ventá de aluminio da aula de EP2°B,
- Arranxar topes porta da entrada da aula de EP1°A, EP5°C (non abren)
- Pintar madeira do alféizar da ventá pequena da aula de EP5°C,
- Arranxar cintas de persiana e persianas das aulas de EI3B, EI5A, EP4°A, EP4°C
- Arranxar 2 cisternas dos servizos hixiénicos de NENAS no 1º andar de primaria.
- Arranxar bisagra porta do armario empotrado da aula de EP4°C.
- Arranxar avaría eléctrica na planta baixa do edificio de primaria debido á circuito nas luces do patio cuberto que provoca a caída dun térmico no cadro xeral.
- Arranxar 2 cristais na aula de EI5C.
- Arranxar fechaduras nas ventás da aula de EI4B
- Arranxar apertura e peche dunha ventá da aula de EP3A
- Arranxar persiana aula de EP3°C
- Repoñer marcos de madeira nas portas dos WCs do patio de EP.
- Arranxar baixante de recollida de pluviais da fachada dianteira de EP.
- Arranxar porta de acceso ó invernadoiro (totalmente oxidada e risco de bloqueo dos pernios das bisagras).
- Repoñer soldaduras no mallado tipo Hércules do valado de pechamento das pistas deportivas ó carón do Paseo Marítimo.
- Repoñer manilla da porta de acceso ó Paseo Marítimo.
- Arranxar malla interior das pistas deportivas exteriores
- Repoñer paneis de cubrición das xuntas de dilatación do edificio de primaria na planta baixa, 1º e 2º andares.

- Arranxar esquina dunha porta de corredeira do armario empotrado por estar apolillada.
- Renovar marco e porta de acceso ó cuarto do cadro eléctrico por estar apolillada.
- Pegar á parede o canleado de megafonía da aula de EP6°C e no corredor do 1º andar.
- Desbloquear ventás da Sala de Profesorado (non abren)
- Arranxar desconchamento de pintura na parede da aula de EP5A
- Arranxar ou repoñer 45 fluorescentes das aulas de EP.
- Reposición dun aro de baloncesto desencaixado da parede por caída do mesmo no patio de educación infantil.
- Arranxar fuga de auga nos WCs das nenas do patio cuberto.
- Reposición de pantalla con tubos fluorescentes do WCs das nenas do patio cuberto.
- Arranxar 4 tubos fluorescentes nos corredores e aulas.
- Reposición de 2 chaves de paso da conducción de auga da planta baixa do edificio de primaria.
- Reposición tornillería de anclaxe ó chan do inodoro de profesorado do 1º andar do edificio de primaria.
- Reposición 22 grifos con temporizador dos servizos hixiénicos de alumnado e profesorado do edificio de primaria.
- Reposición de 1 urinario vertical nos servizos hixiénicos do alumnado do 2º andar edificio de primaria.
- Reposición cadea cisterna WCs nenos 2º andar EP
- Reposición porta dun baño dos servizos hixiénicos de nenos no 2º andar EP.
- Retirada dunha saqueta con grava empregada pola empresa que realizou a obra de peche do recinto escolar, xa que obstaculiza o paso na zona do horto escolar.
- Arranxar grifería para o persoal de limpeza situado no sala de curas de EP por caída de azulexos e da suxeición á parede.

- Repoñer soporte cinta de persiana e soporte da persiana na aula de EP5ºA., ING Pequenos.
- Arranxar pantalla de fluorescentes no WC de nenos do patio cuberto.
- Reparación urxente dunha fuga de auga ó carón da porta lateral de acceso ó colexio.
- Desatascar sumidoiro do fregadeiro do comedor escolar.
- Repoñer azulexos da sala de curas por caída deles como consecuencia da reparación dun grifo de uso do persoal de limpeza.
- Arranxar fechaduras das portas de aluminio de acceso ó colexio de educación primaria.
- Arranxar fechadura eléctrica da porta de acceso desde a rúa ó edificio principal .
- Na aula de EI4C hai que arranxar o sistema de retención da cinta da persiana.
- Substitución de 10 detedores correspondentes a radiadores das aulas do edificio de educación infantil que polo seu estado presenta riscos de fuga de auga
- Substitución dun tubo fluorescente na aula de inglés do 3º andar.
- Arranxar radiadores aula de apoio en educación infantil.
- Na aula de EP5ºA arranxar o sistema de retención da cinta da persiana.
- Reposición da zapata de cemento situada na porta de acceso lateral ó colexio de EP, por existir risco de que algún alumno/a poida saír do recinto. Quedou pendente de arranxo tras a intervención por unha fuga de auga.
- Reposición de 6 tubos fluorescentes nos edificios de EI / EP.
- Arranxar o sistema de acendido automático das luminarias exteriores do colexio de EP por permanecer acendidas durante todo o día. Ademais unha delas ten acendidos intermitentes.
- Reposición paneis de malla tipo Hércules situados ó carón da moreira, por presentar aramios soltos e anclaxes oxidadas con risco de accidentabilidade no alumnado.
- Reposición de 5 tubos fluorescentes nas aulas de EP e SÚM.
- Arranxar persiana na aula EI5A.

- Revisar o sistema calefactor do edificio de educación infantil xa que tódolos días perde a presión da auga ata cero practicamente. Tamén é necesario arranxar algúns dos detedores instalados recentemente porque perden auga. E nalgunha aula non funcionan os radiadores.
- Purgado dos radiadores de calefacción do edificio de educación primaria.
- Arranxar porta da aula de EP4°C que as veces queda trancada impedindo a súa apertura.
- Arranxar cinta persiana no SUM.
- Reposición de 6 tubos fluorescentes.
- Substitución por deterioro dun WC no servizo de nenas do 2º andar de EP por ter unha fenda que causou feridas nunha perna a unha alumna do centro.
- Substitución dun cristal da fiestra na aula de EP1°C por presentar unha grande fisura e un burato importante.
- Eliminación de restos de tubería de canalización de auga situada no acceso ao polideportivo dende o colexio, por ter causado unha caída a un alumno do colexio tendo que recibir varios puntos de sutura polo mal estado no que se encontra o camiño: pedras, terra...
- Eliminación de olores de alcantarillado no cuarto de limpeza do 1º andar de EP.
- Colocación da bandeira nacional no mástil situado no edificio de EP por caída a causa do vento.
- Reposición de azulexos nos servizos hixiénicos de alumnas situado no 1º andar do edificio de EP.
- Reposición de 4 tubos fluorescentes.
- Arranxar porta da aula de EP3ºA que non se pode pechar.
- Arranxar fechos e manillas das portas de aluminio da entrada do colexio de EP, conserxería e local do ANPA.
- Poñer en funcionamento 1 radiador da aula de ERE do edificio de EP, arranxar os 2 radiadores da aula de apoio de EI que non funcionan.

- Arranxar as tuberías dos urinarios de nenos do 1º andar por fugas de auga.
- Rematar as tarefas de acondicionamento das griferías instaladas nos servizos do edificio de EP por presentar deficiencias na súa instalación.
- Arranxar 2 fechaduras das portas exteriores situadas respectivamente ó carón do polideportivo municipal e da porta de acceso para vehículos no recinto de EI (ambas poden abrirse facilmente dunha patada).
- Reposición de fusible na aula de Audición e Linguaxe en EP.
- Arranxar a estrutura metálica situada no lucernario do edificio de EP por presentar risco de caída sobre os usuarios. A altura é equivalente a un 3º andar.
- No edificio de EP estanse a producir fracturas e fendas nos paramentos verticais dos corredores, producíndose fisuras nas teselas vitrificadas e aparecendo fendas que en contacto coas mans causan cortes profundos e limpos. Solicítase a inspección dun técnico para valorar as intervencións a realizar.
- Os servizos hixiénicos do profesorado do 1º andar do edificio de EP perden auga. No 2º andar os servizos das nenas perden auga, nas duchas de nenas e nenos do patio cuberto os baños perden auga
- Reposición de 4 tubos fluorescentes.
- Reposición do queimador da caldeira do edificio de educación primaria. Está queimado e perde combustible. A calefacción non funciona.
- Taponar o paso de roedores por unha arqueta e por unha tubería situadas no cuarto da caldeira da calefacción do edificio de EP, por ser os causantes da avaría eléctrica do día de hoxe.
- Substitución da porta de madeira de entrada e saída no edificio de educación infantil debido a que no pecha tendo que permanecer permanentemente aberta. Trátase da única vía de emerxencia para ese edificio.
- Arranxar fechadura de porta metálica do valado de acceso ao polideportivo municipal. No día de hoxe observouse que faltaba unha das manillas de apertura da citada fechadura.
- Substitución dunha pantalla de fluorescentes do patio cuberto de educación primaria, xa que corre risco de caída ao chan xusto na zona de entrada e saída do alumnado.

- Arranxar novamente as manillas da fechadura da porta metálica de acceso ao polideportivo municipal. Apenas duraron unha semana.
- Arranxar 2 pantallas de fluorescentes no SUM e repoñer 6 tubos nas aulas.
- Arranxar porta da aula de EP4ºC. as veces queda enganchada no marco e non se pode abrir desde o interior.
- Retirada do quentador eléctrico para duchas do servizo de nenos do patio cuberto. Presenta oxidación e grande deterioro con risco de caída.
- Reposición panel da porta dos servizos de nenos do patio cuberto por presentar fractura do mesmo.
- Arranxar cinta de persiana da aula de 4ºB que permanece baixada permanentemente.
- Arranxar ferro de pechamento da cancela de educación infantil por presentar oxidación e riscos para o alumnado.
- Arranxar 6 tubos fluorescentes.
- Reparación da fechadura da porta de acceso á colexio de educación primaria por obstrución intencionada da mesma por persoas descoñecidas.
- Arranxar as portas laterais de acceso ó colexio situadas ó carón do muro de pechamento de EP. As reixas que formaban parte do marco das portas está totalmente oxidado e ademais varias das súas variñas figuran arrancadas creando unha situación de risco para o alumnado do centro.
- Arranxar 5 baños servizos profesorado e alumnado (substitución de gomas de saída, fugas de auga, cisternas e urinarios)

Actuacións realizadas pola Consellería de Educación e O. U.:

- Recuperación integral da pista deportiva superior deteriorada polas obras de construción do patio cuberto.
- Instalación dun novo ascensor no edificio de educación primaria
- Realización da OCA na instalación eléctrica dos edificios de educación infantil e primaria.
- Posta en funcionamento do novo sistema calefactor no edificio de educación primaria.

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

EN EDUCACIÓN INFANTIL

- Construción dun novo edificio adaptado ás necesidades do centro.
- Instalación dun sistema de iluminación exterior.
- Reposición do teped na zona de xogos de educación infantil

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado nas catro plantas
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Subdivisión do espacio de secretaría/administración para crear un novo despacho e apertura dunha ventá ao corredor para á atención ó público.
- Subdivisión da aula de apoio e compensatoria do edificio de educación primaria.
- Portas de seguridade anti-incendios.
- Acondicionamento do camiño de acceso ata o polideportivo municipal.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.
- Resolución da problemática causada pola aparición de fendas nos paramentos vitrificados de todo o edificio de educación primaria tanto no interior como no exterior.
- Reposición de tellas na cuberta do edificio.

MATERIAL DIDÁCTICO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO

- Un armario de audiovisuais (emprégase como caixa forte).
- Dous armarios casilleiro (sala de mestres de educación infantil)
- Dous encerados de educación infantil
- Tres estanterías abertas a unha cara.
- Tres estanterías abertas a dúas caras.
- Cinco taboleiros de cortiza.
- Seis mesas profesorado c/sillón M-14.

- Vinte pupitres unipersoais M-2 c/cadeira.
- Dez pupitres unipersoais M-3 c/cadeira.
- Trinta cadeiras de pala pregables (aula de música)
- Tres mesas de reunión con 6 cadeiras cada unha.

As peticións de reposición de equipamento e mobiliario realizaranse no mes de setembro, Tódalas peticións de equipamento realizadas anteriormente seguen vixentes ata que sexan recibidas no centro escolar.

LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO (VER RELACIÓN ANEXA)